

## Ramón Carballo, líder do PP, amosa a súa visión política e proxectos para Lugo

Na serie de entrevistas aos representantes da vida política municipal, entrevistamos este mes ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lugo, Ramón Carballo. O popular fala sobre a súa responsabilidade na oposición ao Goberno local, a acción política, a xestión municipal e os diferentes temas que preocupan ao partido con máis número de votos da oposición. Carballo explica os seus proxectos de cara a facerse coa Alcaldía nas próximas eleccións así como dalgunhas das necesidades máis urxentes denunciadas tamén pola veciñanza da cidade bimilenaria. **Pax. 8-9**

## Rexurdimento cultural

A cidade amurallada iniciou coa celebración do Entroido unha intensa programación cultural aproveitando o fin das restricións sanitarias



A cidade de Lugo tiña ganas de Entroido e de volver ás actividades culturais que animen á veciñanza tralo parón que supuxo a pandemia. Por iso comezan a rexurdir as exposicións, as actividades de animación á lectura, os faladoiros e os concertos. O Vello Cárcere, o MIHL ou o Museo Provincial, así como galerías e salas de concertos, acollen xa un variado e amplo programa con todo tipo de manifestacións culturais e eventos, que se suman aos organizados polo propio Concello nas datas máis destacadas. Aínda así a prevención no uso de máscaras no exterior segue vivente.

**cultura.** Os xoguetes da mostra 'Así Xogabamos' chegan ao MIHL. **Pax. 2**

**entrevista.** Irene Pin, directora, realizadora, poeta e investigadora. **Pax. 5**

**sociedade.** Denuncian o estado dos contedores soterados. **Pax. 12**


**zona rural.** O Concello destina 107.000 euros para a roza nas parroquias. **Pax. 14**

**infraestruturas.** Avanza a construción da pasarela de San Roque. **Pax. 16**

**economía.** Fin da amnistía fiscal para as distribuidoras de enerxía. **Pax. 21**

**deportes.** Entrevista a Adolfo Somoza, presidente do Casás. **Pax. 31**

### Concurso do cartel do Arde Lucus



1.500 euros premiarán o mellor deseño. **Pax. 4**

### As cebolas da sociedade



Fernanda Arrojo publica un libro polo 8M. **Pax. 10**

### A Pretorian Race será o 14 de maio



Aberta a inscrición para a carreira Pretorian Race. **Pax. 28**

## Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista. Como obxectivos marcouse os de "consolidar as alcaldías, conseguir outras novas,

manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o Goberno central e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que tanta falta lle fai a este país". **Pax. 22**



## VA VEIGUELA ABOGADOS

### TARJETAS REVOLVING ¿ESTÁS AFECTADO?

SI TIENES UNA TARJETA DE CRÉDITO CON PAGOS APLAZADOS, CONSULTA CON NOSOTROS SI PUEDES RECLAMAR LA CANCELACIÓN DEL CONTRATO Y RECUPERAR LO PAGADO DE MÁS

1ª CONSULTA GRATUITA

Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎️ 982 228 606

📷 veiguelabogados 📺 veiguela abogados

## Lugo acollerá oito actividades arredor do xadrez ata setembro

O Goberno de Lugo colabora coa asociación cultural Xaquedrum nun programa educativo baseado no xadrez. Baixo o nome *Xadrez para todas*, trátase dun amplo programa orientado ás e aos escolares. En total, desenvolveranse 8 actividades en distintas zonas da cidade, entre o 6 de marzo e o 30 de setembro. Comenzan co Torneo de Xadrez Escolar de Entroido, que terá lugar o 6 de marzo no soto da Praza de Abastos. O ciclo continuará o 3 de abril co Torneo de Xadrez escolar de Semana Santa no mesmo lugar.

A praza maior será o escenario do Torneo de Xadrez escolar Festa Final o 17 de maio, mentres que o 18 de decembro acollerá o Torneo de Xadrez escolar Nadal.

Xaque nas aulas é a actividade que se desenvolverá nas escolas de infantil e nos colexios públicos de Lugo. Este programa achega o xadrez ás aulas infantil e primaria para formar, durante tres sesións, aos alumnos de 5º, 6º de infantil e 1º de Primaria na práctica do xadrez, tendo en conta dos indubidables efectos positivos que esta disciplina.

O xadrez xigante da praza maior será o taboleiro da actividade Xadrez Xigante e baúl viaxeiro do luns ao venres dende o 2 ao 22 de xuño. Nesta actividade ofreceranse clases de xadrez, xadrez convencional e biblioteca itinerante para os máis pequenos. Outra das actividades que acollerá a cidade de Lugo é a Viaxe pola historia do Xadrez na praza do Castiñeiro de luns a venres do 1 ao 15 de xullo. Para rematar, no mes de setembro levarase a cabo a Volta ao Cole Di-vertido na praza Maior.

# O MIHL reforza o seu fondo expositivo coa mostra de xoguetes 'Así Xogabamos'

Abriu en Lugo a exposición *Así Xogabamos*, organizada pola área de Cultura do Concello en colaboración coa asociación Tebuki Toy. Esta mostra localízase no MIHL.

Esta exposición é un percorrido por unha parte da historia máis recente, na que toda a familia poderá compartir lembranzas da infancia e ver como mudan os tempos a través dos xoguetes que se desfrutaban en cada xeración. A exposición *Así Xogabamos* abriu as súas portas o sábado 5 de febreiro e durante as fins de semana do mes de febreiro tiveron lugar varios obradoiros para nenos de 4 a 7 e de 8 a 12 anos.

Como explica a organización, esta

exposición pretende crear un punto de encontro entre distintas xeracións, un espazo no que lembrar e aprender.

A exposición poderá visitarse ata o próximo 28 de maio seguindo os horarios habituais de apertura do Museo Interactivo da Historia de Lugo, de martes a venres de 10.00 a 13.30 e de 16.00 a 19.30, sábados, domingos e festivos de 10.00 a 14.00 horas e de 16.30 a 19.30, e durante a semana santa de 10.00 a 14.00 horas e de 16.30 a 20.30. Como complemento, o día internacional dos museos, 18 de maio, o MIHL abrirá en horario ininterrompido dende as 10.00 ata as 20.00 horas.



## Nova programación didáctica en marzo para os nenos

O Museo MIHL de Lugo fai pública a súa nova programación didáctica para os máis pequenos da cidade. Desta forma as fins de semana ofrecerá diferentes obradoiros cos que pretende inculcar novos coñecementos nos cativos de Lugo dunha maneira entretida e divertida.

Os sábados as actividades serán para nenos de 4 a 6 anos mentres que os domingos será para os máis maiores, de 7 a 12 anos. Desta forma a actividade do primeiro fin de se-

mana será Deseñamos espazos coñecidos, o segundo fin de semana Así Xogabamos, o terceiro Cores e formas de primavera e o último Moedas antigas.

As actividades terán un horario de 17.00 horas a 19.00 excepto os días 5 e 6 que terán un horario especial pola mañá.

En todas elas é preciso realizar inscrición dende o martes anterior a cada obradoiro a través do número de teléfono 982 297 446.

## Animación á lectura

O MIHL conta tamén con programación de animación á lectura e contacontos. Para asistir será preciso retirar entrada, de maneira gratuita, no portal [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es). As persoas adultas que acompañen ás nenas e nenos terán que retirar entrada, mais para dar preferencia ao público infantil, só se permitirá unha acompañante por unidade familiar, cun límite de tres entradas por persoa.

O ciclo conta cun total de cinco actividades, nas que xa realizaron durante a ponte de decembro, e estase a dar continuidade entre o 24 de febreiro e o 7 de abril. Cada unha delas está dirixida a unha franxa de idade. O 17 de marzo á mesma hora Talía Teatro contará *Rosa Caramelo e outras historias* aos nenos de máis de

4 anos. Este é un espectáculo que aborda dun xeito lúdico, valores como a igualdade de xénero e a tolerancia na convivencia, a través dos contos de Adela Turín: *Rosa Caramelo*, *A historia dos bonobos con lentes* ou *Artur e Clementina*.

O último xoves de marzo, ás 18.30 horas será a quenda de Raquel Queizás con *Travesías* unhas historias de viaxes cheas de aventuras nas que os nenos maiores de tres anos coñecerán a nenas e mulleres bravas que loitaron contra os prexuízos para conseguir os seus soños. Contos que transmiten valores de igualdade entre nenas e nenos.

O xoves, 7 de abril ás 18.30 horas o Mago Teto achegará a maxia e a lectura a nenos de máis de 4 anos a través de *A maxia dos contos*.

**Medinformática**  
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO  
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

[www.medinformatica.es](http://www.medinformatica.es)

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES

## O Vello Cárcere amplía a súa exposición permanente

O Vello Cárcere ampliou a exposición permanente, *O Vello Cárcere: da guerra á posguerra* coa documentación achegada por distintas familias. As persoas aportaron novos documentos que serviron para continuar a avanzar na lembranza de todas as persoas que foron represaliadas durante o franquismo.

A documentación foi entregada polas familias no museo a finais de 2021, dentro do programa A túa Memoria, co que a área de Cultura pretende converter ao Vello Cárcere nun centro aberto e de doazón para todas as familias que desexen depositar documentación que posúan dos seus familiares.

A documentación aportada pasou a formar parte dos fondos do museo, e a información presente nela incorporouse á exposición permanente *O Vello Cárcere: da guerra á posguerra*, seguindo en todo momento os desexos das familias. Esta exposición é ao mesmo tempo unha homenaxe a todas as persoas que estiveron presas no cárcere durante a ditadura e un traballo de memoria colectiva, para que os crimes da guerra e da ditadura non caian no esquecemento.

A exposición *O Vello Cárcere: da guerra á posguerra* xira entorno a este período histórico, cando esta instalación pasou a albergar a presos políticos. A mostra comeza na cela colectiva, e continúa por todas as celas da pranta baixa, as antigas celas de homes. Familiares das persoas represaliadas colocaron, un ramo de flores no día próximo a defuntos adicado a todas as persoas que alí sufriron.

**ÁNHEL CASAL.** A nova exposición que se achega á oferta expositiva do Vello Cárcere. A mostra Ánxel Casal, 125 anos con nós, chega a Lugo para mostrar a vida e o traballo do editor.

A mostra forma parte da campaña que a Asociación Cultural Ánxel Casal está a levar a cabo para que Casal sexa homenaxeado no día das Letras Galegas e darlle o recoñecemento que se merece como a persoa impulsora do libro galego de seu. Como editor, impresor, administrador e distribuidor do libro galego moderno. Casal, traballador incansábel da cultura galega, creou a editorial onde a

creación literaria e gráfica galega puido expresarse moderna e mostrar orgullosa ao mundo o seu potencial. Sen o traballo de Casal dificilmente coñeceríamos moitas das obras de Wenceslao Fernández Flórez, Otero Pedrayo, Blanco Amor, Ramón Cabanillas, Castelao, Carvalho Calero, Ramón e Antón Vilar Ponte, Vicente Risco, Maside ou Seoane entre outros moitos.



A sala de exposicións do Vello Cárcere

## Inocentes, de García de Marina

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro participou na inauguración da exposición *Inocentes*, do fotógrafo García de Marina. Destacou a calidade artística deste autor, "que chega ao Vello Cárcere despois de levar exposicións a todas as partes do mundo".

*Inocentes* poderán visitarse na segunda planta de celas de mulleres do Vello Cárcere, ata o vindeiro 24 de maio. A mostra utiliza a poesía visual como linguaxe vehicular. *Inocentes* pretende reflexionar sobre os dereitos humanos, falando da fala da conculcación de dereitos, da tortura, da subestimación das

persoas pola cor da súa pel, polo seu xénero, pola súa opción sexual, polas súas opinións, etc.

Son 38 diálogos atemporais que poden reflectir o sufrimento da poboación en calquera tempo ou lugar. A mostra tamén evoca esperanza, fala sobre a construción dunha sociedade cimentada no "ser humano" sen apelativos, unha sociedade que non se confina pola diferenza, que crece na diversidade e no respecto.

Como base para a composición das 38 historias utilizáronse dous xogos de xadrez de cristal, un material que pon en valor a fragilidade e vulnerabilidade do ser humano.

## O Caio Julio César de Diego As, elixido mellor mural do mundo



O mural de Caio Julio César, de Diego As

O grafiti de Diego As Cayo Julio César cativou ao mundo enteiro e fíxose co primeiro posto do The Best of 2021 Street Art Cities que é unha plataforma global cuxa misión é promover e documentar o arte urbano no mundo. Están activos en case 900 cidades con máis de 37.000 obras de arte. Durante o último ano, fóronse compartindo os murais e traballos acadando como resultado unha selección das 100 obras de arte máis populares do 2021. Esta lista global conta con rincóns de todo o planeta, dende Dinamarca ata Sudáfrica.

Desta selección de 100 obras, a lucense acadou o primeiro posto o que lle outorga o título de mellor mural do mundo 2021. A enquisa contabilizou máis de 60.000 votos de todo o mundo e tivo unha gran repercusión en medios de co-

municación.

A obra foi elaborada dentro do proxecto Urban Cores, das concellerías de Benestar e Xuventude. Está localizada na Ronda da Muralla de Lugo no número 133. Esta obra xa fora elixida como mellor grafiti do mundo do mes de agosto.

A obra mostra a Julio César cun xesto desafiante e unha coroa de loureiro vixiando a antiga muralla sobre un muro de 20 metros de alto. Segue unha escala de grises cumprindo as normas de Patrimonio. A súa localización permite admiralo dende o alto da muralla.

A plataforma Street Art Cities é unha comunidade internacional que está destinada a compartir e atopar arte urbano. Proporciona información dos murais, da cidade, onde atopar os grafitis e outros datos de interese como o nome do artista, método de traballo, etc.



**CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA**

*20 Años a tu lado*

**Dr. Juan Francisco Lema Ferro** Coleg. 270000874

**Dra. Noelia Fernández Agudo** Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

Parking gratuito

## As obras de Luís Valentín Fernández Vila, no Nova Rúa

A galería Nova Rúa acolle a exposición, *Arredor de nós*, a última do pintor lucense Luís Valentín Fernández Vila.

A obra do lucense Fernández Vila percorreu as capitais galegas en diferentes ocasións e acaba de pechar unha exposición en Vigo, na sede da Fundación. Tamén realizou exposicións en Cataluña e León, e obtivo varios premios en diferentes concursos de arte como o Premio José Domínguez Guizán, que gañou en dúas ocasións. Na obra de Luís Valentín sorprenden as súas paisaxes, tanto urbanos como forestais. O detallismo, a luminosidade e a creación de ambiente conforman unha pintura, onde o espectador diríxese conscientemente.

## Chega a Lugo o Circuito Tormenta

Lugo será unha das paradas do Circuito Tormenta, a principal competición de esports amateur de Riot Games en España. Despois de dous anos no que esta competición se celebrou de maneira online volven as competicións presenciais con múltiples novidades. Aínda se descoñece a data concreta da celebración.

Estas citas presenciais dividíranse en tres tipos que permitirán aos equipos acumular puntos para a clasificación global de Circuito Tormenta. Tamén as ligas Nexo (League of Legends) e Radiante (Valorant), os principais torneos de Circuito Tormenta, renóvanse para vivir unha quinta tempada apaixonante. Os mellores equipos de ambas as ligas optarán por un posto nas competicións profesionais de ambos os xogos en España para a seguinte tempada.

## O Concurso do cartel para o Arde Lucus 2022 premiará ao gañador con 1.500 euros

Convocadas as bases que rexerán o concurso de deseño gráfico para elixir o cartel anunciador do Arde Lucus 2022. Establecese un premio o traballo gañador valorado en 1.500 €, sendo esta obra empregado como cartel anunciador do "Arde Lucus 2022", os restantes carteis presentados, serán expostos na Casa da Xuventude e nas redes sociais durante un mes. Tal e como avanzou Repetto, "Os deseños deberán reflectir o espírito da festa Arde Lucus, facendo especial fincapé na reconstrución histórica e a volta da cidade a época da súa fundación, tendo en conta a romanos e castrexos como protagonistas".

"Obrigatoriamente todos os traballos teñen que conter os seguintes compoñentes: Arde Lucus MMXXII, Festa de Interese turístico galego e Festa de Interese Turístico Nacional, a páxina web: [www.ardelucus.com](http://www.ardelucus.com), a data de celebración: 9,10,11,12 de xuño, o logotipo do Concello de Lugo Alcaldía – Concellería de Xuventude, que se poderá descargar na web do Concello e os logotipos das redes sociais: twitter, flirck e facebook" apuntaba o edil. A entrega de orixinais efectuarase na Casa da Xuventude dende a convocatoria ata o 24 de febreiro do 2022. O horario de entrega será de 10.00h a 14.00h e de 16.30h a 21.30h, ou por correo certificado na seguinte dirección: Casa da Xuventude, R/Xesús Bal e Gay s/n, 27002 LUGO. As obras presentadas serán exhibidas nas redes sociais do Arde Lucus, onde se fará unha votación popular da que se seleccionarán aquelas que logo serán sometidas á votación do xurado. "Unha vez realizada a primeira escolla, de forma online, seleccionaranse 10 carteis se o número total de traballos non supera os 50 e, no caso de que se houberan presentado máis de medio cento, entón elixíranse, a maiores dos 10 máis votados, o 10% do número total de obras presentadas", explicou o concelleiro. O prazo para a votación estará aberto desde as 12.00 horas do 5 de marzo ata as 12.00 horas do día 12 dese mes. Unha vez feito o recuento de votos, a selección farase pública a través das redes sociais oficiais do Arde Lucus e da propia web da festa e do Concello de Lugo [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal). O Concello de Lugo seleccionará un xurado formado por tres persoas expertas o cal será o encargado de seleccionar a obra gañadora entre as seleccionadas previamente pola votación popular o día 7 de marzo ás 11.00 horas na Casa da Xuventude.



narán aquelas que logo serán sometidas á votación do xurado. "Unha vez realizada a primeira escolla, de forma online, seleccionaranse 10 carteis se o número total de traballos non supera os 50 e, no caso de que se houberan presentado máis de medio cento, entón elixíranse, a maiores dos 10 máis votados, o 10% do número total de obras presentadas", explicou o concelleiro. O prazo para a votación estará aberto desde as 12.00 horas do 5 de marzo ata as 12.00 horas do día 12 dese mes. Unha vez feito o recuento de votos, a selección farase pública a través das redes sociais oficiais do Arde Lucus e da propia web da festa e do Concello de Lugo [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal). O Concello de Lugo seleccionará un xurado formado por tres persoas expertas o cal será o encargado de seleccionar a obra gañadora entre as seleccionadas previamente pola votación popular o día 7 de marzo ás 11.00 horas na Casa da Xuventude.

## Manu Chao dará este mes dous concertos na cidade

Manu Chao actuará en Lugo o vindeiro 13 de marzo. As case 900 entradas que saíron á venda a pasada semana esgotáronse en poucas horas, obrigando ao artista a sacar unha segunda data de concerto.

Esta segunda data será tan só dous días despois, o 15 de marzo. Ámbolos dous concertos terán lugar na Sala Tebras e será en acústico. O artista con raíces vilalbesas, que levaba 14 anos sen pisar un escenario lugues, volverá pola porta grande con dúas datas e cun prezo por entrada de 20,62 euros.

No seu concerto estará acompañado de Lucky Luciano na guitarra e Miguel Rumbao na percusión.

Chao comezou a súa carreira musical en París, como músico rueiro e tocando en grupos como Hot Pants e Os Carayos, que combinaban unha



variedade de linguaxes e estilos musicais. Con amigos e o seu irmán Antoine Chao, fundou a banda Mano Negra en 1987, logrando un éxito considerable, sobre todo en Europa e América Latina. Converteuse en solista despois da súa disolución en 1995, e desde entón estivo de xira regularmente coa súa banda en vivo, Radio Bemba. Decidiu asentarse en Barcelona.

## O XXVII certame Trapero Pardo xa ten gañadores

O concelleiro de Educación e Difusión do Coñecemento, Felipe Rivas, anunciou ás catro persoas gañadoras do XXVII certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo. "Apoiamos a creación literaria das mozas e mozos de Lugo, e a súa inclusión na vida cultural", indicou Felipe Rivas.

O Certame está dividido en dúas categorías, de 12 a 14 e de 15 a 18 anos, que contan con tres premios cada unha. Cada unha das persoas gañadoras recibirá un diploma e un lote de libros, e a maiores repartiranse premios de distintos valores segundo as categorías. O concelleiro de Educación explicou que "nas

vindeiras semanas realizaremos o acto de entrega de premios ás distintas gañadoras".

Na categoría de 12 a 14 anos, a gañadora, que recibe un premio valorado en 200€, foi Lucía Domínguez Pereira, do Colexio Divino Maestro, e o segundo premio, valorado en 100€ foi para Sara Pico López, do IES Muralla Romana. Na categoría de 15 a 18 anos, Rosalía Bernárdez Riopedre, do IES Leiras Pulpeiro, recibe o maior premio, valorado en 250€, seguida de Carla López Otero, do IES A Pinguela de Monforte, con 130€, e con Sara Méndez Seijo, do IES Ánxel Fole, na terceira posición, cun premio de 100€.

**PROMEDISA** SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com | @PromedisaLugo | Promedisa Ortopedia

**COMPRA ON LINE** [www.promedisa.com](http://www.promedisa.com)

COMPRAS ONLINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE  
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

# “Chama a atención o formato interactivo e a ciencia ficción”

Irene Pin é directora, realizadora, poeta, música e investigadora galega

Irene Pin, nada en 1995, estudou Comunicación Audiovisual na USC e especializouse en estudos da literatura e da cultura. Os seus traballos audiovisuais enmárcanse no ámbito do cinema experimental, da video-creación e do documental, enfocados desde unha perspectiva ecofeminista. Como poeta ten colaborado na revista Grial e como música é a baixista do grupo Poesía Canalla.

## Quen é Irene Pin?

Eu tendo a dicir que son fervellasverzas, porque me gusta facer cousas moi distintas.

## A que se dedica?

Agora mesmo traballo nunha cooperativa de produción audiovisual que se chama Aqueladas. É un proxecto novo, moi ilusionante, que intenta explorar as posibilidades do audiovisual no eido dixital e facer narrativas interactivas e transmedia.

## De onde vén a paixón polas diferentes artes?

Non sei, creo que sempre me atraeron como unha maneira de expresar sentimentos ou inquedanzas. A primeira foi a poesía, para min era unha forma de autoconecemento.

## Cal de todas as facetas é a súa favorita?

Non podería dicir... cada cousa é para un momento diferente.

## En que proxecto está a traballar?

Estou co guión dunha longametraxe, Terás que saltar. Xa teño unha primeira versión, pero aínda quedan moitas voltas que darlle. Tamén ando, xunto a Dena Parro, intentan-

do sacar adiante unha curtametraxe sobre o aborto: 3 minutos e 3 días.

## É fácil estar ao mundo do cine?

Non, non o creo, pero eu tampouco considero que me dedique exactamente ao mundo do cinema.

## Antes de rematar a carreira universitaria xa se lle outorgou un premio no curtocircuito do 2015 por Condición 5. Como acolleu a nova?

Con sorpresa. Foi un premio compartido con Iria Iglesias e Natalia Porca, dúas compañeiras de estudos, nunha sección específica para alumnado da USC. Creo que ás tres nos fixo moita ilusión.

## Como afectou a covid-19 ao seu traballo?

Retrasou bastante a estrea e o percorrido de Amnesia 3.0, no que estaba traballando daquela. E logo, como en todo, tivemos que adaptar a maneira de traballar aos protocolos Covid, o que para este tipo de traballo, a nivel tan pequeno, nalgúns casos é complicado.

## Que é o máis descoñecido deste campo? Que foi o que máis lle sorprendeu á hora de profesionalizarse?

Supoño que o máis descoñecido para a xente que non está familiarizada co sector son todos os procesos que hai detrás, todo o tempo e toda a xente que fai falla para desenvolver un proxecto, desde a idea ata a distribución. Para min, do meu traballo, o que máis me está sorprendendo é o ben que me estou levando con iso de facer orzamentos, que é algo que sempre me deu bastante medo.

## Cal é o traballo que presentou máis dificultades á hora de levalo a cabo?

Creo que o traballo máis difícil que fixemos foi Amnesia 3.0. É unha webserie interactiva, na que o público pode escoller desde a perspectiva desde a que vai vendo a historia cando as personaxes se cruzan. Armar a infraestrutura para facer iso posible é complicado, require moito tempo, moitas voltas da cabeza, moitos esquemas... E atreverse a intentalo tamén.

## Como é o proceso de creación dunha das súas obras?

Creo que cada obra é diferente. Cando escribo guiños de ficción normalmente véñenme á cabeza un par de secuencias que polo que sexa me interesan ou me atrapan. Escriboas así ao tolo, sen pensar demasiado. A partir de aí intento esbozar unha mínima sinopse na que isto encaixe e logo facer unha escaleta de maneira máis ordenada, porque ao principio son un pouco caótica. Pero é nese caos onde me sinto máis cómoda.

## As súas primeiras obras foron documental e unha das máis recentes Amnesia 3.0 unha serie de ficción. Cal é o seu xénero favorito?

Entre a ficción e o documental non podería escoller. Ambos son ferramentas poderosas para contar historias e facer pensar.

## Recentemente realizou unha xira polos centros educativos da provincia. Cal foi a recepción do público?

Estiven coa versión interactiva de Amnesia 3.0 en varios centros e a acollida foi sempre moi boa. Á rapazada chámalle a atención o formato



interactivo e o xénero da ciencia ficción, queda bastante impresionada con que se estean a facer estas cousas aquí e non se coñezan. O que máis me alegra é cando che pregunta: “Non hai máis?”, porque quedan coas ganas de explorar o resto da historia, a das eleccións que non tomaron. Ademais, como curiosidade, para min é moi interesante ver como hai padróns de escolla que se repiten.

Que consello lle daría a unha persoa que se quere adicar ao mundo do cine e audiovisual?

Eu non son ninguén para dar consellos, pero se tivese que dicir algo... Que non perda a ilusión, é un combustible necesario.

## Lembra cal foi a súa mellor experiencia no ámbito audiovisual?

Non sei se a mellor, pero foi moi emocionante gañar o premio a desenvolvemento de proxecto no Carballo Interplay. Para min, que viña dunha época de desencanto co audiovisual, supuxo sentir que era capaz de sacar adiante proxectos.

## Maíor dificultade a que se enfrontou nun proxecto?

Darme conta de que o estaba facendo mal. O meu traballo de final de grao foi un documental con Begoña F. Ferreiro que filmamos en Grecia entre 2016 e 2017. Queríamos retratar a vida cotiá nun campamento de persoas refuxiadas e comezamos

a traballar nun, en Sinatex, como voluntarias. Ademais diso, aos poucos intentabamos gravar. Nós tiñamos unha idea do que queríamos facer, pero non eramos capaces, sabíamos que as persoas non se sentían cómodas coa presenza da cámara, sentíamnos como se lles roubamos algo. Tras varios meses, ao final da rodaxe, Arshman, un refuxiado iraniano, pediunos permiso para coller a cámara. Filmounos a nós nunha entrevista na que cuestionaba a nosa capacidade para contar algo que non entendíamos, que non vivíamos. Pasar por iso foi complicado, e vernos despois tamén. Enfrontarse a ese material, que ao final se converteu no fío, na columna vertebral do documental, creo que foi unha das cousas máis difíciles coas que lidei nun proxecto. Pero era necesario expoñerse para o que queríamos contar.

## Película e serie favorita?

Nunca sei que responder a isto. A serie téñoa clara: Utopía, a orixinal. O filme... non sei se podo dicir que sexa o meu favorito, pero The wind that shakes the barley foi o que me fixo querer estudar audiovisuais, así que téñoille cariño.

## Próximos eventos ou actividades?

A finais de febreiro estaremos con Amnesia 3.0 en Madrid e durante o mes de marzo temos varias proxeccións programadas en centro de ensino da Coruña.

## CURSOS

Xacobeo 21-22

### PRÓXIMOS INICIOS

#### Cursos

- 🇪🇺 Inglés empresarial
- 🇪🇺 Big Data
- 🇪🇺 Gestión logística
- 🇪🇺 Nutrición y dietética
- 🇪🇺 Ecoturismo

¿A quién va dirigido?

- 🇪🇺 Ocupados
- 🇪🇺 30% desempleados

Solícita información en:  
formacion@estudiosrafer.es  
982 22 26 49

¡Y MUCHOS MÁS!

## FORMACIÓN PARA DESEMPLEADOS

100% GRATUITO

- ✓ IELEM0110 Desenvolvemento de proxectos de sistemas de automatización industrial
- ✓ IFCT0210 Operación de sistemas informáticos
- ✓ COMLO209 Organización do transporte e a distribución
- ✓ SSCE0110 Docencia da formación profesional para o emprego
- ✓ ELES0010 Desenvolvemento de proxectos de infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos en edificios

Máis Información en:  
formacion@estudiosrafer.es  
982 22 26 49

estudios  
rafer

# Os servizos sociais refórzanse

O Servizo de Axuda no Fogar contará cun maior investimento e un incremento de horas de atención neste ano 2022

O Servizo de Axuda no Fogar de Lugo terá un maior investimento, será de 4,3 millóns de euros, incrementado o número de horas de prestación do servizo nun 20%. Esta medida será aprobada na Xunta de Goberno Local, coa que se busca dar resposta á elevada demanda deste servizo, incrementada dende o inicio da pandemia. Deste xeito, das 211.617 horas anuais do contrato actual, o Concello pasará a prestar 253.940 horas anuais, incrementándose na mesma proporción do 20% a consignación orzamentaria, pasando dos 3.644.495 euros/ano actuais a 4.373.394 euros/ano.

No ano 2021, atendéronse un total de 948 persoas a través da Axuda no Fogar; unha prestación coa que se da cobertura asistencial á poboación máis vulnerable e con maiores necesidades. Deste total, 431 usuarios accederon ao SAF pola convocatoria de libre concorrencia e 517 por ter recoñecida a situación de dependencia.

O SAF ten por obxecto prestar atención ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo. Así, entre as súas funcións está o permitir a mellora a calidade de vida das persoas usuarias, favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio, manter, mellorar e recuperar as redes de



Hospital provisional no Municipal de Lugo na pandemia para os sen teito

relación familiar e social e previr situacións de dependencia ou exclusión social.

O horario de prestación do servizo ordinario é de luns a sábado en horario de 7.00 a 22.00 horas, sempre que sexan laborais; e en servizo extraordinario, de 22.00

a 7.00 horas de luns a sábado, os domingos e os festivos as 24 horas. A súa duración nunca é inferior a 30 minutos por xornada e préstase nun máximo de 3 franxas horarias, respectando, sempre que é posible, a vontade da persoa beneficiaria.

## Máis de 40.000 menús dentro do servizo Xantar no Fogar

O Concello de Lugo ofrecerá en 2022 até un total de 41.691 menús dentro do servizo de Xantar no Fogar que elevará a súa consignación até os 210.423 euros anuais. Este orzamento incrementa en máis dun 144% o da licitación anterior (86.000 €), logo do crecemento da demanda que trouxo consigo a crise sanitaria.

Actualmente, ao redor dun cento de persoas se benefician desta prestación da que, agardan, poder ampliar aínda máis a súa cobertura.

A nova licitación aumenta a variedade de dietas con catro novas

opcións: vexeteriana, vegana, sen carne de porco e sen carne de vaca; a rotación dos menús será cada 6 semanas no canto das 3 que se facía agora e se entregarán tres veces á semana, en lugar dos dous días de reparto que estaban establecidos até o momento. Cada beneficiario/a recibirá ademais un litro de leite e outro de zume de froitas á semana e disporán de 4 novas neveiras para poder cederlles a aquelas familias que non teñan outra maneira de garantir a conservación dos alimentos que se lles entregan.



## Orzamento de 90.000 euros para o programa 'Sen Teito'

A atención das persoas sen fogar da cidade de Lugo contará cun orzamento incrementado nun 15%. En total contará con 90.000 euros anuais no programa municipal 'Sen Teito' posto en marcha polo Concello de Lugo e que se desenvolve en colaboración con Cruz Vermella e Alume, con varias liñas de actuación.

Un dos obxectivos fundamentais é detectar a persoas que poidan atoparse en situación de rúa, ofrecéndolle os recursos dispoñibles, estes pasan, entre outras prestacións, por unha atención diurna nas propias instalacións destas entidades, onde poden facer uso, no Caso da Cruz Vermella, de duchas, vestiarios, aseos, cociña e lavandería, e inclúe igualmente a realización de diferentes actividades encamiñadas a adquirir habilidades que favorezan a súa

integración.

Por outra banda, Benestar facilita tamén unha vivenda para o uso transitorio no que persoas en vías de reinserción social e económica reciben apoio e formación para dotarse dos recursos que lles permitan recuperar a súa autonomía. A inquietude e dedicación para atallar a vulnerabilidade que sofren estas persoas é máxima e permanente durante todo o ano. Actualmente non hai ningún caso desatendido por deficiencias dos servizos sociais ou insuficiencia de recursos públicos, que resulta de vital importancia a aplicación de protocolos e procedementos estritamente técnicos e rigorosos. Durante o 2021, o albergue municipal acolleu a un total de 1.201 persoas, 1.011 homes e 190 mulleres, cunha media de ocupación de 100 usuarios/as ao mes.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

**MÁSMÓV!L**  
NEGOCIOS

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**

¡OFERTAS!



**836€**  
P.V.R. IVA inc.

**Generador HONDA X 30**

- Motor GP 200
- Arranque Manual
- Salida máxima monofásica 3.000VA
- Nivel sonoro [directiva 2000/14/CEE] 96 Lwa
- Regulación de voltaje AVR
- Peso en seco 49kg



**Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**ECHO**  
Mantenimiento Profesional y Autodiagnóstico

**219€**  
P.V.R. IVA inc.



**Motosierra ECHO CS-310ES**

- Cilindrada: 30.5cm<sup>3</sup>
- Longitud espada: 35cm
- Potencia: 1.10kW (1.50cv)
- EUST5
- Peso 4.0kg

Camino Real, 125. 27004 Lugo  
Telf: 982 21 57 31 / Movil: 698 17 91 81

# COLEGIO DIOCESANO SAN LORENZO

## Un centro educativo de referencia no corazón de Lugo

**Un proxecto propio que busca a formación integral do alumnado avalado por unhas modernas instalacións**

Proporcionan unha formación completa, ofrecendo un ensino de calidade para garantir a igualdade de oportunidades

O Colegio Diocesano San Lorenzo tomou a testemuña este curso 2021-2022 da proposta educativa desenvolvida ata o de agora polo Seminario Menor de Lugo, fiel ao desexo de seguir ofrecendo un espazo para a formación integral e o crecemento da persoa. O servizo educativo que, ao longo do tempo, prestou o Seminario Menor a tantas familias, quere continuar e ampliar o seu alcance como Colexio, de carácter mixto, ofrecendo aos seus alumnos e alumnas un instrumento educativamente avezado para quen comparta esta proposta. Actualmente ofrecemos que os alumnos estuden educación secundaria, bacharelato e formación profesional. Desta forma, cremos posible que o Colexio poida seguir potenciando a valiosa experiencia de formación que se desenvolveu nas nosas aulas ao longo dos anos, cun profesorado altamente capacitado e preparado. Unha das novidades deste curso foi a implantación da formación profesional. Actualmente temos dous ciclos medios (Emerxencias sanitarias, e Guía no medio natural e tempo libre) e dous ciclos superiores (Hixiene bucodental e Acondicionamento físico). Desde o próximo curso 2022-2023 o ciclo de Emerxencias sanitarias tamén se pode realizar a distancia. Ademais, o próximo ano permitiranos implantar en toda a educación secundaria unha proposta para a que levamos un ano traballando e que tivo

a súa experiencia piloto xa este ano: a metodoloxía educativa baseada nos proxectos por ámbitos. A través deste método tratamos de elaborar, a partir do currículo das materias, temas comúns que nos permitan traballar en bloque os distintos temas das materias. Isto conleva un gran traballo de coordinación do profesorado, de codocencia, dun traballo interdisciplinar cun desenvolvemento cooperativo e individual, contando con toda unha serie de estratexias e ferramentas coas cales os alumnos adquiren as destrezas, habilidades e competencias que permiten a súa aprendizaxe e que eles mesmos poidan explicar todo o proceso e o aprendido. Os resultados evidentes e positivos, a capacidade de traballo en equipo e de desenvolvemento máis persoal, ou as capacidades que adquiren os alumnos ou alumnas con maior dificultan, demostran que este método ten un carácter valioso e importante. Ademais, este método é novo na cidade de Lugo para a educación secundaria e está, á súa vez, amparada pola nova lei de educación, a LOMLOE. E todo o proceso educativo é posible pola calidade humana, por unha pastoral e identidade católicas que nos levan a colocar á persoa no centro de todo o proceso educativo e polo coidado a relación coas familias dos nosos alumnos. Pero tamén é posible por

contar cunhas instalacións novas e modernas en pleno centro de Lugo, con numerosas aulas e talleres, cun gran pavillón, unhas bibliotecas máis importantes da provincia

de Lugo, etc. Ven a coñecernos! Contacta connosco e solicita unha entrevista con visita ao colexio. Podes facelo no teléfono 982 220 100 ou a través da web: [www.colegiodiocesanosanlorenzo.org](http://www.colegiodiocesanosanlorenzo.org).



# “Lugo é unha cidade cómoda, con moito potencial e recursos”

Ramón Carballo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lugo

## Como describiría a cidade de Lugo?

Para min a cidade de Lugo é marabillosa e moi acolledora. É unha cidade cómoda, con moito potencial e recursos. Boto en falta unha maior planificación por parte do goberno local para mellorar a limpeza, a mobilidade e o mantemento do espazo público. Tres premisas fundamentais para conseguir que o magnífico casco histórico que temos sexa declarado como o cuarto Patrimonio da Humanidade.

## Se tivera que convencer a alguén para que veña a vivir a Lugo como o faría?

Diríalle que é unha cidade hospitalaria e tranquila. Aquí ninguén se sente estraño e en seguida vai atopar o seu grupo e entorno social para que calquera persoa emprenda o seu proxecto de vida. Poucas cidades poden presumir de ter a cinco minutos contornas naturais como o Paseo do Miño e o Paseo do Rato. Mágoa que o goberno local, en 20 anos, non fose capaz de pechar este magnífico cinto verde ou de darlle continuidade cun camiño de ida e volta pola outra beira do río, tal e como nós propuxemos. Ademais, o noso casco histórico ten un encanto especial. Cando pasou por aquí o alcalde de Madrid, Martínez Almeida, facendo o Camiño Primitivo díciame: “Ramón tedes unha cidade cun potencial tremendo”.

## Cales cre que son as maiores carencias da cidade?

Os problemas de aseo urbano son o pan de cada día; o tráfico da cidade empeorou nos últimos tempos como consecuencia dun proxecto de



cidade dual dos dous partidos que forman parte do bigoberno; tamén nos últimos tempos a reforma do transporte público dificultou a vida de moitos veciños xa que o deseño das liñas non foi o máis adecuado. Nós seguimos á espera da gratuidade das viaxes para menores de 18 anos así como os transbordos de balde. E que dicir das trabas burocráticas, das esperas interminables que sofren os cidadáns que precisan facer calquera trámite no Concello de Lugo como consecuencia do fracaso da administración electrónica. Todos estes atrancos están freando o investimento no municipio, onde seguimos falando de vellos problemas. En resumo: falta unha aposta firme polo emprendemento para xerar emprego e mellorar a economía. Outra carencia é que temos dous modelos moi distintos de cidade no

bigoberno municipal que repercute na execución dos proxectos.

## Como está a traballar o Partido Popular para solucionarlas?

Eu, dende que son voceiro e dende que asumín a responsabilidade de presentarme as pasadas eleccións intentei facer unha acción política baseada na escoita activa, pisando a rúa sempre que podíamos co obxecto de presentar propostas en positivo, de cuestións reais que afectan á veciñanza, para que servisen de utilidade aos lucenses. De feito, conseguimos grazas a nosa presión que o goberno de Lara Méndez dese marcha atrás e calculara de novo, tal e como lle suxerimos, os recibos da auga que viñan con sobrecustes por erros na lectura dos contadores. Tamén se recuperaron as taxas das pasaxes de 12 horas. Esta modificación, que reclamamos con insistencia, evitará, a partir de agora, impostos desorbitados como os que pasou o Concello de Lugo o ano pasado a pequenos autónomos e negocios que chegaron a triplicar a súa factura.

Estes son dous exemplos do que entendemos no Partido Popular como unha política útil. Tamén fixemos propostas moi interesantes como invitar ao goberno local a que presentase a Lugo para a candidatura da Cidade Gastronómica 2022, un galardón que recaeu finalmente en Sanlúcar de Barrameda. Nin PSOE, nin BNG quixeron optar a esa distinción, así como tampouco polo Grao Culinario Gastronómico. Eu mantiven contacto co reitor da Universidade de Santiago e tamén coa Xunta e ambos vían posible este grao gastronómico que finalmente, por falta de interese, tanto de PSOE como do BNG marchou para outra cidade. En definitiva, faltou o respaldo político

por potenciar o peso da restauración que temos no municipio así como a materia prima da que dispoñemos, xa que ambas peticións servirían para dar un pulo do lema “E para comer Lugo”. Dende o PP tamén fixemos numerosas propostas para seguir avanzando na consecución do Casco Histórico como Patrimonio da Humanidade como é avanzar na peonalización do Paseo Interior da Muralla. Recentemente decidimos cederlle aos veciños de Lugo parte da cota das iniciativas que podemos levar a pleno e comisións. Neste eido, conseguimos desbloquear unha petición da veciñanza de Castelo que está a ter moitos problemas coa liña 5 do autobús urbano. Tamén insistimos en reclamar a instalación de cámaras de videovixilancia protexendo os elementos máis emblemáticos do casco histórico e que evitarían problemas de convivencia e botellóns en puntos do entorno da Catedral.

## Que opina do bipartito de goberno?

Díxeno desde o primeiro momento: é un bigoberno de perdedores. No único no que se puxeron de acordo o primeiro día foi en que non gobernara a lista máis votada que gañou as eleccións e que foi a do Partido Popular. Co PSOE e co BNG Lugo ten o goberno máis caro da historia da cidade, que lles custa aos veciños e veciñas 4 millóns de euros. Non teñen un modelo único e claro da cidade e isto da lugar a pelexas constantes. Como a sucedida pola inauguración de Quiroga Ballesteros, a Praza de Abastos ou a máis recente de todas na apertura do aparcadoiro do Central.

## Cal é a súa maior debilidade?

As pelexas entre eles. Están máis

pendentes dunha foto e dun titular. Non están pendentes de solucionar os problemas da cidade. Ao non haber un proxecto conxunto de cidade as interferencias saltan e da a sensación de que non existe a comunicación. Falan dunha transformación da cidade que non existe porque os fondos europeos foron e son un despilfarro. Está claro que este matrimonio de conveniencia non rompe porque o PSOE perdería estabilidade e o BNG visibilidade. Mentres tanto, os lucenses seguiremos pagando polas súas liortas e a cidade seguirá sen un goberno serio que xestione os problemas da veciñanza.

## Último logro acadado na cidade de Lugo nos últimos tempos?

O logro máis importante da cidade foi conseguir que a Muralla, o Camiño Primitivo e a Catedral fosen declarados Patrimonio da Humanidade. Este é un valor e un logro de todos os lucenses e da xente que se involucrou nestes proxectos. A construción do polígono das Gándaras é unha das bazas que ten o municipio para atraer empresas. Un polígono onde a Xunta de Galicia puxo as parcelas ao 50% do prezo do mercado e onde se tiveron que facer ata 3 ampliacións. Outras grandes obras son o Hula ou a transformación integral do barrio da Residencia así como o novo auditorio de Magoi. En todas elas hai un denominador común que é que a Xunta de Galicia demostra que é a única administración comprometida, con feitos, co futuro de Lugo. O Concello de Lugo se dedica a malgastar os fondos de Europa en actuacións como o carril bici que máis que contribuir a mellorar a calidade de vida xera problemas.

## Cal foi a súa maior decepción política?

Se me limito á vida municipal de Lugo, eu creo que foi a falta de xestión. Dende o primeiro momento vin que non hai dirección política para dar oportunidades a novos emprendedores e xente que se queira asentar en Lugo. Isto supón unha perda económica importante ademais dunha perda de emprego. Non hai ningunha intención de chegar a acordos, nós brindamos e apoiamos iniciativas importantísimas como o 5% do PXOM, o plan reabilita e o plan de Lugo transforma xa que vemos unha oportunidade beneficiosa para os lucenses polo que facemos unha política útil. En termos xerais, a maior decepción agora mesmo é a polarización da política, esa perda de consenso a nivel xeral.

## Repetirá nas vindeiras municipais?

Neste momento aínda non estamos nesa fase, o PP non designou aos candidatos e cando chegue o momento tomaremos a decisión. Eu sempre estiven á disposición do partido. Hai un proxecto para a cidade e estou seguro de que se poderá levar adiante.



### Cre que nas próximas eleccións Lugo dará a maioría ao PP?

Eu creo que sen dúbida. Os lucenses saben que no Partido Popular teñen esa alternativa necesaria para a cidade. O PP gañou todas as eleccións municipais, excepto na ocasión que Orozco tivo unha maioría absoluta. Nós vamos intentar chegar ao goberno porque sabemos que Lugo necesita ese cambio máis que nunca porque o proxecto político do PSOE e BNG, que leva 22 anos gobernando ben solos ou conxuntamente, está esgotado.

### O PP venceu tanto no Concello coma na Deputación, se non fora polo bipartito en ambas administracións gobernaría o seu partido. Cal sería o obxectivo nese caso?

Están gobernando os perdedores, é lexítimo, a lei electoral o permite. Moitos votantes seguen sen entender que si o seu voto gañou non governe a decisión da maioría. Esta situación debería facernos reflexionar sobre a necesidade dunha modificación ou actualización do sistema coa conseguinte da lei.

### En que poñería o foco no caso de acadar o goberno?

O primeiro sería mellorar o aspecto da cidade, a carta de presentación non fai xustiza ao municipio que somos. Ademais, tamén considero que hai que mellorar a mobilidade. Nos últimos tempos estase retrocedendo tanto co carril bici como co transporte público. Sería importante tamén traer inversións a Lugo é que sexa unha cidade atractiva para o investimento e a creación de emprego. Outro punto que tería en conta eu persoalmente, sería a loita para que Lugo consiga ese cuarto patrimonio da humanidade polo casco histórico, desenrolando o paseo interior da muralla. Hai vivendas pegadas na muralla pero había moitas máis na parte exterior, esta sería unha obra prioritaria para axudar a conseguir ese cuarto patrimonio da cidade. Poñeríamos en funcionamento o au-



O voceiro popular Ramón Carballo e, á dereita, ante a Fábrica da Luz e o Auditorio construído pola Xunta de Galicia

ditorio que se está deteriorando día a día sen saber cando se vai poñer a disposición de todos. Seguir avanzando na unión da cidade co Miño. Nós presentamos unha iniciativa para unir con pasarelas o parque de Rosalía co Río Miño, pasando polo Marcos Cela, utilizando ben os fondos europeos. Lugo non pode esquecerse do rural que conforma o 80% do territorio polo tanto hai que potencialo. Temos que pelexar polo saneamento e dar coberturas tecnolóxicas no rural. Non é de recibo en pleno século XXI que a maioría das parroquias do rural teñan mala cobertura de móbil e de internet.

### No caso de acadar maioría pero non absoluta, o PP prantexaríase o pacto con outro partido?

O Partido Popular preséntase e traballa para obter a maioría absoluta para gobernar. Polo tanto esa é a

nosa única folia de ruta e a única alternativa que contemplamos.

### Hai pouco estaban coa recollida de firmas para a apertura do Auditorio. Esta iniciativa obtivo unha gran acollida. Cal é o seguinte paso?

Estamos moi satisfeitos e queremos dar as grazas aos 3.000 lucenses que se achegaron, nunha semana, a firmar un manifesto a favor da apertura do Auditorio. É un aval moi importante. Hai que lembrar que o goberno local recibiu as chaves do edificio o 23 de xuño de 2020. A veciñanza quere saber o prazo de apertura que baralla o bipartito e a programación que prevén para darlle contido. Seguimos á espera dunha reunión coa alcaldesa e con Arroxó.

### Tamén foi moi polémico o vídeo sobre o carril bici. Que pretendían



### demostrar con esta iniciativa?

Sabemos que lles molestou moito porque puxemos en evidencia os malgastos económicos dos fondos europeos en obras mal deseñadas. Neste caso falamos de 1.400.000 euros tirados nun carril bici polo que non pasa ninguén e que supuxo a desaparición dunhas 400 prazas de aparcamento. Hai uns días estaban repintando de novo o carril bici na rúa Xermán Alonso; o mesmo ocorreu no cruce da Rúa Santiago con República Arxentina, sendo un goteo de gastos constantes. A Ronda do Carme presenta hoxe moitas dificultades para que pase o camión do lixo e suporá unha maior complicación o día que se precise a dotación de bombeiros ou ambulancia.

### En que outras materias da cidade está a traballar o PP?

Estamos traballando en moitas ou-

tras materias. Cada concelleiro ten unha responsabilidade de fiscalizar o que fai o goberno na área que lle pertence. Seguiremos fiscalizando a acción do goberno, seguiremos denunciando o abuso de contratos menores sobre todo en cultura e turismo. Nese traballo de fiscalización nós temos claro o modelo de cidade que queremos e, insisto, eu creo que o modelo que está utilizando o bipartito está esgotado e non ten máis recorrido na cidade. Por iso, dende o PP seguiremos traballando para dar unha nova visión e proxección a nivel galego, nacional e mundial. O turismo aumentou moito nos últimos anos a pesar da pouca inversión municipal tanto na promoción como na oferta de contido cultural que se ten Lugo. A programación cultural é raquítica, contamos cuns museos maravillosos como a Domus de Mitreo que ten gran repercusión.

LUGO

VIVIENDAS DE 2 y 3 HABITACIONES DESDE 98.000 €

AVDA. DE A CORUÑA

**CISBAR**  
INMOBILIARIA

Rúa Vila, 71. 27790 BARREIROS - 650 822 930  
Avda. Asturias - FOZ  
Avda. Arcadio Pardiñas, 101. 27880 BURELA

Visite nuestra web: [www.cisbar.es](http://www.cisbar.es)

**FLORISTERÍA ROSE FLOR**

¡Regala Naturaleza!

FELIZ DÍA DEL PADRE

San Roque, 173 Bajo - Lugo  
982 223 504 / 680 453 401  
ros3-flor@hotmail.com

# As mulleres con discapacidade: as cebolas da sociedade

A luguesa Fernanda Arrojo presenta o 8 de marzo na Casa Clara Campoamor este estudo, gañador dunha bolsa de investigación da Asociación Roosevelt

A pandemia foi un dos momentos máis creativos da sociedade, o confinamento serviu para dotar de tempo a moitas persoas que carecían do mesmo. Este, foi o momento no que María Fernanda Arrojo Novoa dedicouse a realizar un estudo sobre a muller e a discapacidade gañador da XVIII Beca de investigación que convoca a Asociación Roosevelt de Cuenca.

Co título *Interseccionalidad de género y discapacidad física: Las capas de una cebolla*, presenta o seu libro este 8 de marzo na Casa Clara Campoamor, ás 18.00 horas.

María Fernanda Arrojo Novoa naceu en Lugo en 1966, debido a problemas durante o parto, sofre unha parálise cerebral infantil que lle deixa secuelas en brazos e pernas, reducindo a súa mobilidade e afectando a súa fala. Malia a todo isto, con moito apoio familiar, sobre todo da súa nai, ten unha escolarización normalizada e acada a Diplomatura de Traballo Social. A súa experiencia laboral discorre durante 32 anos como persoal laboral fixo adscrito á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio de Interior onde acada a Medalla de Bronce ao mérito penitenciario.

Exerce activismo no movemento asociativo dentro do ámbito da discapacidade. Así, dende o ano 1995 ata o 2018 ocupou diferentes cargos na directiva da Delegación de Auxilia en Lugo e, actualmente é presidenta de Aspace Lugo.

Ao longo do tempo, ela, como muller e discapacitada coñece de preto as discriminacións que sofren estas persoas, aínda que se considera unha gran afortunada e privilexiada por poder ter estudado e traballado, non como outras moitas mulleres que estiveron limitadas nestes campos.

Encargouse de materializar os seus coñecementos e experiencias no traballo final titulado *Interseccionalidad de xénero e discapacidade física: As capas dunha cebolla*. Este conta con dúas partes principais, unha teórica, na que se explican os conceptos teóricos, e, unha investigación cualitativa na que se entrevistaron a 26 mulleres do ámbito nacional.

Para comprender o tema estudado é necesario coñecer o concepto de interseccionalidade que ven da loita contra o racismo que sufriron as persoas de cor en Estados Unidos. É un concepto que despois se utilizou para moitos outros fenómenos sociais e tamén dentro do feminis-

mo para explicar a situación das mulleres que teñen características especiais cando as circunstancias sociais confluén multiplicando os efectos dunha circunstancia discriminatória.

Trala realización das entrevistas, María Fernanda chegou a tres conclusións básicas.

A primeira gran conclusión á que se chega trala realización das entrevistas é que canto maior sexa o grado de discapacidade, maior é a percepción da discriminación. As mulleres que manifestaron algunha percepción de discriminación por motivos de discapacidade, a maioría ten unha porcentaxe de discapacidade superior ao 65%. Unha persoa que precisa unha cadeira de rodas para desprazarse terá maior percepción da discriminación que sofre xa que necesita axuda para poder superar



un chanzo. Se non se precisa dunha cadeira de rodas o chanzo non é unha barreira e, polo tanto, a vivencia fronte a este elemento é diferente. Aínda que se saiba que ese chanzo é unha barreira se non se precisa axuda para superalo a percepción é distinta.

A segunda conclusión é que moitas das entrevistadas presentan dificultades para identificar ter sido obxecto dalgún tipo de discriminación de xénero. Moitas delas mostran conformismo e naturalidade ante accións que realmente son discriminatorias. O problema é que se non se ten información ou coñecemento previo sobre discriminación e desigualdade por xénero e, polo tanto, non se percibe como tal. Un dos exemplos máis habituais é a normalización de que as mulleres con discapacidade non recoñecen que son mulleres con dereito a ter unha sexualidade normalizada, non teñen por que

presumir, coidarse ou ser femininas. Os zapatos ortopédicos non se deseñan para que sexan bonitos ou se poida presumir con eles, normalizouse que as persoas en cadeira de rodas teñan que ir con roupa cómoda e chama a atención que unha muller vaia en saia ou vestido. Esta experiencia sociocultural obtida que hai que ter para detectar estas situacións pode vir a través do contorno ou dos coñecementos adquiridos a raíz de vivir experiencias discriminatorias.

A terceira e última conclusión é que hai casos nos que confluén situacións discriminatorias que se solapan e anulan as liberdades e dereitos tanto como muller como persoa. Destaca a experiencia de vida dunha das entrevistadas que naceu con parálise cerebral e foi rechazada pola súa nai provocando que fose criada polos seus avós nun medio rural afastada da súa familia e dun entorno educativo acadando un nivel moi básico de formación.

## OS DATOS AVALAN AS CONCLUSIÓNS

O 30% das entrevistadas viron minguadas as súas posibilidades de educación e formación debido á existencia de barreiras arquitectónicas, urbanísticas, de transporte e de comunicación. Esta formación básica tradúcese en maior dificultade para a introdución das mulleres con discapacidade no mercado laboral.

Tan só o 23% das mulleres entrevistadas traballan activamente. Os prexuízos sociais xunto coas barreiras intrínsecas autolimitan a inserción laboral das implicadas. As que traballan son aquelas que realizan labores nunha administración pública por reserva de praza, porque forman parte dunha empresa de inclusión social como a ONCE ou traballan nunha empresa familiar facendo traballos administrativos ou de "pouca categoría profesional". Nestas mulleres, unha excelente formación estará ligada sempre a súa condición e será moi complicado que chegue a postos de poder que permitan unha vida autónoma.

O proceso de socialización, exercido por axentes sociais como a familia (por sobre-protección ou rexeitamento, barreiras ambientais) non permitiu, en certa medida, que o 46% das 26 participantes se formase para formar parte integrante da sociedade. Isto dáse



María Fernanda Arrojo Novoa

dende a infancia, xa que dende nenas é complicado que compartan e convivan con persoas da mesma idade, cun grupo de iguais, arrasando esta carencia o resto das súas vidas.

O estereotipo de xénero é dicir como se debe comportar unha muller ou un home segundo o seu xénero é unha concepción social que consta desde sempre dentro dun sistema patriarcal e preme dalgún xeito para que o 61% das persoas entrevistadas vexan deteriorada o seu proxecto de vida. Se non se poden ter fillos, se non pode ser nai está a ser "menos muller" exercendo unha presión sobre a súa etapa vital. Ademais, o 19% das entrevistadas foron vítimas dalgún tipo de violencia de xénero.

Unha muller institucionalizada pode chegar a sentirse despersonalizada ao ser excluída en moitas ocasións pola súa situación de dependencia. Moitas veces o seu asistente fai as labores de coidado sen interactuar, limitando as súas accións e actuando como autómatas. Por iso, resulta de gran importancia buscar outro tipo de prestacións sociais.

## DEREITO A UNHA VIDA AUTÓNOMA

Unha persoa con discapacidade é unha persoa con capacidades para facer calquera cousa pero de maneira diferente, e, polo tanto, ten dereito a levar unha vida autónoma e independente. Isto ven contemplado na Lei de persoas discapacitadas da ONU do ano 2008 que España aínda está a desenvolver. Na Constitución de 1978 pódese ler a palabra diminuído. Estando pendente a reforma do artigo para cambiar a palabra diminuído por persoa con discapacidade. Aí se vería reflectido o dereito a ser persoa.

Analizando o título, a autora utilizou o símil da cebolla xa que esta verdura está formada por capas. Cada capa da cebolla superponse á anterior e vai cubrindo ao núcleo

que é a persoa. Isto vai minguando o dereito de liberdade da persoa, coartando o desenrolo da súa vida con normalidade. As capas encárganse de cubrir, solapar o núcleo da cebolla. Esas capas son as circunstancias, as barreiras e os límites que se lles poñen ás persoas, complicándolles máis a vida. De aí o concepto de interseccionalidade. Despois desta análise, a autora fala de tres liñas de solución que facilitarían a vida das mulleres con discapacidade.

A primeira e unha das máis impor-

## “Os prexuízos sociais xunto coas barreiras intrínsecas autolimitan a inserción laboral destas mulleres”

tante, a visualización da problemática. Se a xente non é consciente da realidade destas persoas non se poderá actuar ao respecto. Por iso, adicará a beca gañada con esta investigación para a súa publicación e divulgación a través da editorial Alejandro Robledillo. A obra será presentada na Casa Clara Campoamor o vindeiro 8 de marzo, coincidindo co día da muller.

Outra maneira de solucionar é empoderar ás mulleres. Hai que darlles poder para que elas se sintan con posibilidades de saír desta situación, é dicir, capacítalas e que se crean con posibilidades. Isto pasa traballando nas familias, nas escolas e na sociedade. Avogando tamén nos coidados, de maneira habitual, o coidado sempre recae na figura da muller e, hai que insistir en que os coidados dunha persoa dependente deben ser repartidos sendo responsabilidade do conxunto da sociedade.

E a terceira vía sería a sororidade, a irmandade entre as mulleres para axudarse entre elas mesmas, promovendo o apoio dunhas as outras.



Por Lugo:

**VAI  
EN  
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)



**#activandolugo**



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas

## Abre a mostra de igualdade e violencia de Mulleres Veciñais



A área da Muller da Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti da provincia de Lugo, Mujeres Veciñais, dirixida por María del Carmen Casanovas García, presentou a súa exposición *Igualdade e loita contra a Violencia de Xénero*, enmarcada no programa de actividades que desenvolve con motivo do Día Internacional da Muller, que terá lugar o próximo 8 de marzo.

Dita exposición recompila as actividades levadas a cabo pola área da Muller da Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti ao longo do ano 2021. Ademais, será itinerante ao longo das próximas semanas, grazas ás asociacións federadas que desexen acollela.

Especial espazo teñen as imaxes da serie de charlas-coloquio levadas a

cabo ao longo de toda a provincia de Lugo, nun número contorna a 50 sesións, no medio rural e parroquias da capital lucense, e que tiveron como finalidade, durante o pasado ano 2021, promover a loita contra a Violencia de Xénero e o fomento da Igualdade na sociedade. Tamén se recollen carteis de diferentes campañas levadas a cabo, así como imaxes doutros actos protagonizados pola área da Muller.

Así mesmo, con motivo do próximo 8 de marzo, desenvolveranse outras actividades en colaboración, algunha delas, coa Rede Estatal de Mujeres Veciñais -Área da Muller pertencente á C.E.A.V., Confederación Estatal de Asociacións Veciñais-.

## Lugo Monumental denuncia o estado dos contedores soterrados

A Asociación Lugo Monumental reclama ao Concello de Lugo que de forma urxente poña remedio ao “desastroso estado dos contedores soterrados do centro histórico de Lugo, unha iniciativa que resultou errada á vista dos resultados”.

Os contedores que se atopan na Praza do Ferrol, Luís Pena Novo, Soledad, Xoan Montes e Noreas están fóra de uso, algúns desde hai anos. Dende a Asociación denuncian que “mesmo algún dos que funcionan, como é o caso dos de Quiroga Ballesteros, demostráronse claramente insuficientes para as necesidades da zona, o que revela que se dimensionou mal e que non liquidaron o problema da acumulación de lixo en vía pública. En Campo Castelo un está fóra de uso e o resto foron reparados, o que demostra que é posible facelo e que se trata dunha cuestión de vontade”.

Estas instalacións contan cun



elevado custe. No ano 2006 instaláronse catro destas illas por importe de 274.047,02 €, tres delas no centro histórico (San Marcos, Quiroga Ballesteros, Campo Castelo) e un en María Balteira, o que fai que a unidade se aproxime aos 70.000 euros, “un investimento que sería razoable se o resultado fose adecuado, o que non é o caso” declaman en Lugo Monumental.

Tras unha duración de máis de 20 anos, o contrato coa empresa

Urbaser venceu en 2017 e veu prorrogándose desde aquel entón. Cinco anos despois séguense dando pasos para poder poñer en funcionamento un novo contrato, pero mentres tanto o servizo deteriorouse a pasos axigantados. Desde Lugo Monumental solicitan ao Concello que dea solución a este asunto, xa que se está dando unha imaxe lamentable do centro histórico, unha zona que é a tarxeta de visita da cidade e o barrio de todos os lucenses.

## Lugo Job está a formar a máis de 830 lucenses

Máis de 830 lucenses estanse a formar a través do Centro de Emprendemento municipal para mellorar a inserción laboral. Lugo Job é o novo plan de formación gratuito deseñado polo executivo municipal co obxectivo de axudar a mellorar a empregabilidade dos e das lucenses e promover a súa inserción laboral a través da formación en competencias clave, coñecementos e capacitación.

A iniciativa enmárcase na estratexia de dinamización económica que impulsa como resposta á crise da pandemia. Actualmente, con este programa se está impartindo desde o CEI Nodus cursos presenciais, con 45 alumnos, e máis de 2.000 accións formativas, con 750 inscritos, ademais de outros obradoiros vinculados a outras liñas de acción.

A formación presencial está dirixida, exclusivamente, a persoas inscritas como demandantes de emprego. A selección dos candidatos realizouse a través do Servizo de Emprego e as persoas seleccionadas están a recibir unha bolsa formativa mensual, que se corresponde co 75% do Iprem. Os cursos que facilitan a obtención do Certificado de Profesionalidade finalizarán entre os meses de maio e xuño, mentres que os de Competencias Clave, cuxa primeira edición rematará entre xaneiro e marzo, terá unha segunda que se desenvolverá entre marzo e xuño.

## As Mercedes estrea unha nova aula de tecnoloxía

O Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) As Mercedes de Lugo conta cunha nova aula de tecnoloxía aplicada con equipamento de creación, reprodución e visión de realidade virtual e realidade aumentada ou sistemas robóticos, entre outras dotacións.

As novas instalacións foron reformadas e equipadas cun investimento de 50.000 euros da Xunta de Galicia. Desta forma, xa dispoñen de dous simuladores funcio-

nando e están comezando a usar un robot colaborativo logo de que esta semana recibiran formación sobre o seu manexo por parte da empresa instaladora. Este proxecto enmárcase na aposta pola dixitalización e na calidade que se ofrece na FP galega, estreitando o vínculo entre Formación Profesional e empresa como vía para dar un valor engadido á preparación que os estudantes acadan nos ciclos formativos.



**ASPACE-LUGO.** O mago Rafa actuou para socios e socias de Aspace-Lugo, e persoas que os acompañaron no local de Hipócrata Teatro. Esta actuación levouse a cabo dentro do programa de Maxia Solidaria en Galicia, da Fundación Abracadabra de Magos Solidarios, coa colaboración do Grupo Inditex. Dito programa ten como obxectivo impulsar accións para colectivos vulnerables coa misión de levar a ilusión da maxia a todas as persoas que necesitan sentir que aínda teñen a capacidade de ilusionarse.



# Marfer

INFORMATICA

## INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO  
LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







CRM



CONTABILIDAD



PRODUCCIÓN



**EXIT ERP**  
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE



GESTIÓN



E-COMMERCE



FIDELIZACIÓN



EXIT MOBILE



EXIT SGA

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

# “Hoxe en día o máis demandado son as competencias dixitais”

**Begoña Gaute é a responsable de formación de Estudios Rafer**

Estudios Rafer é un centro de formación homologado en Lugo. Está especializado en formación continua, formación ocupacional e formación bonificada. Realizan cursos, carnés oficiais e certificados de profesionalidade. Falamos con Begoña Gaute responsable de formación no centro.

## A que se dedican?

Nós dedicámonos fundamentalmente á formación. Hoxe en día ofrecemos un tipo de formación co que se adquiren certificados de profesionalidade con compromiso de inserción laboral. Ofrecemos formación e apoio para a inserción laboral, contamos cun servizo de orientación. Está dirixido a persoas desempregadas e ocupados que queiran mellorar a súa cualificación na empresa. O que máis traballamos é a formación en márketing, redes sociais e novas tecnoloxías.

## Que hai que facer para recibir formación?

Contamos con distintos tipos de programa e dependendo do tipo de formación que se queira adquirir e do perfil da persoa podemos acollerlo a un programa ou a outro.

## Canto tempo levan funcionando?

Desde o ano 1999.

## Como evolucionou o negocio ou a oferta de servizos ao longo do tempo?

Ao principio, non fai moitos anos, toda a formación era presencial. Dende fai agora 2 anos, o 13 de marzo de 2020 que se declarou a pandemia, vimos paralizada toda



Instalacións de Estudios Rafer e un momento dunha formación

a actividade e cando a retomamos fixémoslo de maneira virtual. Iso mantívose ata agora e, na actualidade, a formación que ofrecemos é online vía streaming, o docente e os alumnos conéctanse á mesma hora para recibir a clase. Contamos tamén con sesións presenciais para complementar o proceso. Isto agrada os alumnos xa que aforran os desprazamentos, permite compaxinar mellor a vida persoal e familiar.

Ademais, cada mes, aproximadamente ofrecemos encontros networking, que son espazos nos que

profesionais de empresas e os nosos alumnos falan dunha temática de actualidade e de interese. Isto conecta a empresas con persoas formadas e tamén sirve para que os alumnos poidan ver na práctica os seus estudos teóricos. Estes encontros serven tamén para axudar a encontrar traballo aos alumnos ao ter contacto directo coas empresas.

## Cal é o perfil habitual do voso cliente?

Tal vez maioritariamente desempregados que xa están formados e non dan atopado traballo. Temos

programas para persoas xoves desempregadas, eses programas teñen un asesoramento en empregabilidade e apoio na busca de traballo. Ademais, poden optar a unha beca de prácticas remuneradas durante tres meses en empresas de toda Galicia. Tamén hai moitas empresas que se interesan polo programa de dixitalización.

## Que formación é a máis demandada?

Hoxe en día o máis demandado son as competencias dixitais. É unha formación que sempre foi demandada pero hoxe en día coa situación que tocou vivir moito máis.

## Que zona cubren?

Cubrimos todo Galicia, aínda que fundamentalmente Lugo. Ao ser virtual temos alumnos de todo o territorio galego como Vigo ou Pontevedra. Non temos límite xeográfico.

## Hai moita competencia no sector en Lugo?

Loxicamente hai empresas que se adican a formación pero non son competencia, todos nos complementamos.

## Cales son as últimas novidades?

A nosa novidade é a realidade virtual e inmersiva. A realidade virtual fai que vexas a formación en primeira persoa cas gafas de realidade virtual. Temos un equipo e unha plataforma que permite aos alumnos (de maneira presencial) introducirse e poñerse no escenario de maneira virtual vivindo a experiencia de formación en primeira persoa.

## Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

Seguir avanzando no tema de realidade virtual inmersiva. É unha formación que acadará grandes resultados porque o proceso de aprendizaxe é distinto. É máis doado recordar algo que se viviu e non algo que se estudou.

## Ciudadanos insta a abrir o centro Paco Martín da Piringalla

A portavoz de Ciudadanos, Olga Louzao, instou ao Goberno local a abrir sen máis demora o novo centro social construído no barrio da Piringalla e comprometido desde hai máis dunha década. Louzao criticou a “incapacidade do PSOE para xestionar os asuntos máis elementais da cidade” e asegurou que “o bipartito constitúe un goberno fracasado cuxas desavenencias impiden poñer en funcionamento servizos fundamentais para mellorar a calidade de vida da veciñanza”. “A alcaldesa, Lara Méndez, anunciara en xuño de 2020 que o novo centro social da Piringalla comezaría a funcionar en agosto de 2021, sen embargo medio ano despois da data anunciada esta infraestrutura municipal atópase na práctica sen actividade. A súa incapacidade para realizar un xestión eficaz é o único motivo deste peche”, asegurou a concelleira da formación. A portavoz municipal de Ciudadanos considera que o Goberno local evidencia semana tras semana e mes tras mes que non está capacitado para xestionar a cidade. “Os veciños xa non confían na política do anuncio baleiro de Méndez cuxos compromisos coa cidadanía chegan con anos de atraso ou caen en saco roto. O único capaz de executar en tempo son os proxectos europeos porque, doutro xeito, perdería o financiamento. O centro de convivencia interxeracional da Piringalla é un servizo necesario para os veciños e veciñas da zona norte da cidade, que sofren desde fai décadas o abandono por parte dos sucesivos gobernos socialistas. Estamos a falar de que o complexo debe cubrir carencias desatendidas desde 2006 como a necesidade dunha biblioteca e outros servizos básicos para o barrio na actualidade como a bebeteca para menores de 3 anos.

**Ousá**  
Panadería \ Pastelería \ Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

**Librería Troll**

¡El mejor regalo para el MEJOR PADRE del mundo!!!

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500  
Info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

## Os accesos de Santa Cristina de San Román serán mellorados co Plan Único



Reunión cos veciños da parroquia

Os veciños de Santa Cristina de San Román recibiron o proxecto de mellora de dous importantes accesos viarios municipais nesta parroquia, obra na que se investirán 115.000 euros.

Actuarase en preto de dous quilómetros de estradas, concretamente na de Allariz e Camiño de San Román e no viario que, partindo de estrada provincial CP-24-02 atravesada o lugar do Val ata as proximidades da estrada provincial CP-16-11. Estes camiños atópanse moi deteriorados debido á súa antigüidade, ao uso e ás inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe proceder á súa rehabilitación.

A rexedora trasladoulles aos representantes veciñais o compromiso do Concello lucense co impulso rural, onde se levan investidos en melloras de camiños máis de dous millóns de euros neste mandato co obxectivo de que "a vida nas parroquias sexa máis cómoda e máis competitiva

para atraer e axudar a asentar poboación". "Con esta actuación damos resposta a unha demanda da poboación que vive en cinco núcleos, Allariz, Illar de Amigo, San Román, Tedín e O Val, e que beneficiará de maneira directa aos 85 veciños que residen nestas zonas", sostivo.

A execución nestes viarios consistirá na rexeneración do firme, a limpeza de cunetas e taxas co fin de restablecer a drenaxe e facilitar a evacuación da auga para que non ocasione danos sobre a pista unha vez reparada, e a cobertura cunha capa de rodadura en quente e a correspondente sinalización.

Esta obra enmárcase nas melloras que o Concello apostou este ano por incluír Plan Provincial Único de Cooperación 2022, co que se investirán, só no rural, 548.000 euros, e que permitirá melloras en sete estradas en cinco parroquias e dous execucións de abastecemento de auga.

## Comezan o acondicionamento da estrada de Camoira a Maira

O tenente de alcaldesa e responsable da área de Medio Rural, Miguel Fernández, supervisou o inicio dos traballos de acondicionamento dunha estrada municipal en Camoira, que vai dende a igrexa desta parroquia ata o núcleo de Maira. Esta actuación conta cun orzamento de 27.000 euros, e está enmarcada dentro do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos do ano 2021. A mesma beneficiará e dará resposta ás peticións realizadas pola veciñanza desta parroquia.

As tarefas consisten na reposición do firme con aglomerado en quente, a limpeza de cunetas para facili-



tar a circulación das augas e a sinalización horizontal e vertical.

Miguel Fernández destacou que "estas actuacións enmárcanse na decidida aposta do Concello polo rural,

mellorando os servizos e a calidade de vida dos veciños e veciñas, obras moi necesarias, que melloran a seguridade desta vía municipal nos desprazamentos diarios".

## O Concello destina 107.000 euros para a roza nas vías das parroquias

A Xunta de Goberno do Concello de Lugo autorizou a prórroga do contrato para proceder á realización da roza nas parroquias do municipio. Esta actuación conta cun investimento de 107.000 euros cada ano e coa que se pretende mellorar o estado de conservación das estradas pero, sobre todo, velar pola seguridade viaria da cidadanía. Un expediente dividido en 4 lotes co obxectivo de permitir a simultaneidade das tarefas nas zonas norte, sur, leste e oeste do termo municipal.

Así, as adjudicatarias disporán dun prazo de tres meses para executar os labores de limpeza da maleza, tanto mecánica como manual, nos que se



inclúen as dúas marxes da calzada, cunetas e gabias, pero tamén os paseos, campos da festa, explanadas ou prazas que sexan de titularidade pública. Intervencións que, no seu conxunto, afectan a un total de 750

quilómetros de vías e que se completan coa roza dos camiños e das pistas forestais que, durante todo o ano se acometen coa maquinaria do Parque Móbil para tratar de previr incendios.

## Ciudadanos insta a recuperar a parada de bus no Carqueixo

A portavoz municipal, Olga Louzao, instou ao concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroxo, e ao delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, a recuperar o diálogo para alcanzar un acordo que garanta recuperar a parada de bus urbano no barrio do Carqueixo. «Xunta e Concello deben deixar de culparse o un ao outro e recoller por escrito os acordos supostamente alcanzados para dotar ao barrio da necesaria parada. Arroxo comprometeuse fai máis de medio ano a restablecer a parada e a negociar coa Xunta, pero meses despois dese suposto acordo non houbo avances por ningunha das dúas partes»,

apuntou a concelleira da formación laranxa.

«A eliminación desta parada agrava a situación de abandono que vive esta zona urbana desde hai décadas. As vivendas comprendidas entre a rotonda do Hula e o trazado da A-6 constitúen unha zona esquecida a pesar das continuas reclamacións veciñais. Existe unha demanda social na zona que retrata o nefasto labor do Goberno local neste asunto. Con todo o BNG optou por ignorala e responsabilizar á Xunta. Deben concretar o acordo e delimitar responsabilidades para achegar solucións de forma dilixente», dixo Louzao.



### GEOCLIMA ST

CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL  
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



**SOLUCIONES PARA:**

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

**REALIZAMOS:**

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

**INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO**



REFRIGERACIÓN



CALEFACCION



SOLAR TÉRMICA



BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 [www.geoclimast.com](http://www.geoclimast.com)

## A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



### Ensanche e mellora da vía LU-P-1201, que une O Corgo e Castroverde

A Deputación inviste 378.000€ nesta actuación sobre a estrada que vertebra os concellos de Baralla, O Corgo e Castroverde.



Estas actuacións, beneficiarán de xeito directo a moitos veciños e veciñas porque se trata dunha estrada que vertebra os concellos de Baralla, O Corgo e Castroverde. A execución das obras de ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-1201, realízanse no tramo que une os núcleos de Coto en O Corgo, e San Agustín en Castroverde.

Os traballos, consisten no movemento de terras, a drenaxe transversal mediante a reposición das cunetas con tubos de formigón, a pavimentación con aglomerado en quente, e a sinalización horizontal e vertical, así como o balizamento e a limpeza de cunetas.

Nesta mesma estrada provincial, a LU-P-1201, a Deputación rematou a mellora e ensanche doutro tramo, de máis de dous quilómetros, entre Souto de Torres e o polígono industrial de Castroverde, unhas obras que contaron cun investimento de 380.000€

**A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO**

**Obra realizada por:**



## Segue a peonalización no barrio de Recatelo



Imaxe de arquivo das obras en Recatelo

Seguen avanzando os traballos de peonalización no barrio de Recatelo. Comezaon polas rúas Avelino Pousa Antelo e Isaac Díaz Pardo.

O tenente alcalde, Rubén Arroxo que visitou o lugar o pasado xoves afirmou que “estamos a traballar na mellora da imaxe dun barrio histórico da cidade, situado entre a Muralla e o Parque de Rosalía”, e destacou que “Recatelo pode ser unha importante zona de paseo, entre o centro e o Parque de Rosalía, e ao mesmo tempo podemos mellorar os servizos e a calidade de vida da veciñanza”.

O Tenente Alcalde destacou que “os traballos están a realizarse a bo ritmo, seguindo a planificación elaborada pola área de Mobilidade e Infraestruturas”,

e engadiu “a planificación realízase tratando de producir as mínimas molestias ás veciñas e veciños da zona”.

Con estes traballos darase un paso adiante na humanización do barrio de Recatelo, engadíndoaos aos traballos xa realizados no verán pasado na rúa Vila de Sarria. Esta actuación foi adxudicada por 208.626,59€, e un prazo de execución de 6 meses. “Desde o goberno municipal seguimos traballando nunha cidade na que os peóns sexan o centro da mobilidade”, afirmou Rubén Arroxo, que destacou as diversas medidas postas en marcha para este fin “como a realización de pasos de peóns elevados ou as distintas peonalizacións que se están a levar a cabo e a proxectar”.

## Ciudadanos insta á mellora das comunicacións da Cheda

O concelleiro de Ciudadanos Juan Vidal-Pardo instou ao Goberno local a desbloquear a situación de illamento na que se atopa o barrio da Cheda e traballar por integrar esta zona da cidade no seu deseño urbano. “Apréciase un preocupante abandono por parte de Goberno local quen durante décadas deixou de lado esta zona da cidade coma se non formase parte dela. A falta de planificación urbana chega ata tal punto que se converteu nunha especie de illa perimetrada por unha vaia en gran parte dos seus límites e que apenas conta cunha entrada e saída”, sinalou o edil. Vidal-Pardo considera que é necesario actuar en varias fronteiras para lograr equiparar este barrio a outras zonas da cidade: completar o armazón urbano e mellorar beirarrúas e iluminación pública,

integrar o barrio a cidade e mellorar os seus accesos e saídas. “É inadmisibile que moitas rúas non cheguen a ningunha parte. A rúa río Azumara debe comunicarse coa rúa río Eume en condicións, e esta á súa vez debe ter continuidade. A situación na Cheda é un exemplo de libro onde é necesaria unha intervención urbanística municipal para evitar que a degradación continúe”, sinalou o Vidal-Pardo.

“Trátase dunha tarefa que involucra a varias áreas do Goberno e por tanto PSOE e BNG deben apartar as súas diferenzas e sentar xuntos a planificar. Basta de ir por libre. Deben chegar a acordos polo ben dos veciños e veciñas. Sen dúbida agora o máis urxente é que o Concello actúe na vía que une o barrio coa N-VI á altura de Pazo de Feiras”, sinalou.

## Avanza a construción da pasarela do centro de saúde de San Roque

O tenente alcalde e concelleiro de mobilidade e infraestruturas, Rubén Arroxo, informou dos avances da construción da pasarela de San Roque. O tenente alcalde explicou que “os traballos están a avanzar a bo ritmo, buscando sempre tratar de reducir ao máximo os inconvenientes á veciñanza da zona e garantir as mellores condicións posibles para o persoal da obra”.

A primeira fase das obras, que se está a executar actualmente, consiste na construción das zapatas que sosterrán a pasarela. Os traballos comezaron coa reorganización de certos servizos xa habilitados na rúa, como as canalizacións. O Goberno de Lugo inviste 220.013,95€ na execución desta obra.

“Desde a nosa chegada ao Goberno Municipal tratamos de dar a mellor solución posíbel a esta solicitude que a veciñanza da zona levaba moito tempo realizando”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “desde a área



de mobilidade estudamos as distintas alternativas para darlle solución a este obstáculo, especialmente importante na unión do Centro de Saúde coa rúa Primavera e coa rúa Peña Anda”.

A solución planificada pola área de mobilidade pasará por crear unha pasarela que una o comenzo da rampla que da acceso ao centro médico coa parte alta da escalinata Primavera, pasando por riba da entrada do

carril do xuízo, segundo o estipulado na normativa vixentes sobre accesibilidade e permitindo o paso de vehículos pola parte inferior. A pasarela terá un gálibo de máis de 4 metros, o que permitirá a circulación de vehículos pola súa parte inferior. A lonxitude total será de 34,68 metros. A nova pasarela permitirá, segundo declarou o tenente de alcalde, “unir o centro de saúde e as rúas Primavera e Peña Anda cun percorrido practicamente plano”.

## A Asociación de Veciños da Milagrosa alza a voz pola mellora das beirarrúas da zona



Desde a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa de Lugo, manifestan a súa preocupación polo “lamentable estado que, a data actual, febreiro de 2022, presentan as rúas Álamo, do Franco e Flor de Toxo, da cidade”.

Concretamente, no caso da Rúa do Franco, xa que presenta beirarrúas desfeitas, ademais de moi antigas que supoñen un risco moi importante para os usuarios. No referente á Rúa Flor de Toxo, esta atópase, directamente, sen beirarrúas e sen urbanizar, polo que a demanda da asociación é que se lle poña remedio urxente ás devanditas carencias. Doutra banda, a Rúa Álamo presenta tramos sen beirarrúa, e, nos que si existe esta, presenta un mal estado.

Por estas rúas circulan diariamente

un número moi considerable de persoas, xa que, concretamente, no caso da Rúa do Franco, conecta co Parque da Milagrosa; mentres que a Rúa Flor de Toxo faio cunha das arterias principais da cidade, como é a Avenida da Coruña. Así mesmo, a localización, moi próxima, do centro de Saúde Illas Canarias, motiva a importante afluencia de persoas nestas rúas.

Desde a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa, instan ao Concello de Lugo “a que repare de forma urxente as mencionadas rúas, así como que incremente o investimento a este respecto, xa que o estado das beirarrúas repercute directamente na seguridade viaria diaria de miles de usuarios, e que na actualidade se senten abandonados por esta Administración”.

## Comezan as obras de humanización en Paradai

O Concello humanizará Paradai coa creación dunha nova área de descanso na confluencia das rúas Río Sil, Hórreo e Lucas Ferro Caaverio.

A actuación, coa que se pretende rexenerar este barrio da capital, se concretará coa creación dun pequeno percorrido peonil circular, cunha traza en planta semellante a un oito, e disporá dun banco continuo da mesma forma. Este conxunto encerrará unha gran árbore cuxa misión será a de proxectar sombra sobre a superficie de asento. Igualmente contará con iluminación indirecta para achegar calidez nocturna ao espazo reformado. O prazo de execución das obras será de tres meses. A primeira actuación foi a retirada do pavimento existente para crear unha nova zona verde e, a continuación, cimentarase a estrutura prevista co perfil específico e acometerase o muro de formigón curvado e o banco continuo que terá ao redor de 29’50 metros de lonxitude. O asento estará revestido dun laminado compacto decorativo de alta presión.

Toda a superficie exterior ao mobiliario exposto dentro da zona de actuación converterase nun manto de céspede ornamental e a área interior que pecha o muro acollerá un xardín que terá como protagonista principal unha gran árbore.



## Acometen a rehabilitación de 70 bancos na zona urbana da cidade

O tenente alcalde, Rubén Arrox, xunto co concelleiro de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas anunciaron que veñen de comezar os traballos de renovación dos bancos da zona urbana.

Alexandre Penas explicou que “comezamos cunha intervención que mellorará enormemente a imaxe da cidade e garantirá que as veciñas e veciños poidan disfrutar dunhas instalacións públicas de calidade, unha intervención que ademais supón un custo moi baixo para o concello”.

Os traballos comezaron na zona centro da cidade, e expandiranse nos vindeiros días ao resto da zona urbana. En total actuarase en 70 bancos, nos que se realizarán traballos de lixado e preparación de listóns para aplicar un novo produto protector para a madeira, o que permitirá unha boa durabilidade da



O tenente de alcalde Rubén Arrox, supervisando o estado duns bancos

actuación realizada.

“Esta actuación complementa o traballo realizado pola brigada municipal de vías e obras, que realiza unha importante labor de reparación nas distintas infraestruturas do concello e no mantemento da cidade”, explicou o edil de Infraestruturas.

Penas lembrou a importancia de que a veciñanza faga chegar

as súas necesidades ás distintas áreas do goberno municipal. “As veciñas e veciños de cada zona saben de primeira man as necesidades da súa zona”, declarou o concelleiro, e engadiu “moitas veces trátanse de pequenos arranxos, que a brigada municipal de obras trata de resolver no menor tempo posible para garantir o bo estado da cidade”.

## Comezou a restauración da Torre do Reloxo da Casa Consistorial

O Concello acometou a restauración da Torre do Reloxo situado na casa consistorial. Os traballos, que comezaron coa descarga das estadas para as labores de rehabilitación, prolongáronse durante varias xornadas para acometer a limpeza e repintado da pedra.

As tarefas, enmarcadas dentro do contrato de mantemento e conservación das dependencias municipais, foron encomendadas pola Alcaldía co obxecto de acondicionar a Torre para que luza acorde á catalogación do Pazo de Ombreiro, considerado Ben de Interese Cultural.

Primeiro foron colocados os andamios que darán soporte ás obras de mellora que consistirán nun lavado con auga a presión e no pintado da estrutura en cor branca. Mentres que o propio mecanismo do reloxo foi paralizado á espera da reposición de varias pezas, xa encargadas, que deixaron de funcionar debido ao seu desgaste.

Os materiais foron izados polo aire até o tellado cunha pluma de gran-



des dimensións, situada no lateral do Concello, debido á imposibilidade de cargalos manualmente polo interior.

Trátase dunha actuación sinxela, moi demandada pola cidadanía, coa que se pretende mellorar a estética da edificación, no seu conxunto, pero tamén a do Casco Histórico, tendo en conta a singularidade do inmovible e o seu valor arquitectónico pero tamén o emprazamento tan emblemático no que se localiza.

## Adjudican a Alalás a xestión do Centro de Día Novo Antonio Gandoi

O Centro de Día Novo Antonio Gandoi disporá dun orzamento anual de 613.000 euros (un 37'47% máis, 446.362 euros) para afrontar a súa xestión. A Xunta de Goberno Local autorizou a súa adjudicación á empresa Alalás durante dous anos, aínda que o contrato poderá prorrogarse por outros tres en períodos anuais, o que eleva o investimento municipal até os 3 millóns de euros. No servizo, dirixido á poboación maior, terán prioridade aquelas

persoas que, polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan reducida a súa autonomía para as actividades básicas e/ou instrumentais da vida diaria. A xestión concretarase na estancia diurna e tamén no transporte, incluída a zona rural, xestionando un total de 50 prazas.


Unha das principais melloras que incorpora o novo contrato é a realización de até 10 saídas anuais ao exterior así como a elaboración dun

estudo sobre a realidade da contorna na que se intervén.

A empresa adjudicataria deberá realizar, igualmente, un proxecto piloto de intervención coas persoas maiores usuarias ou potenciais usuarias do Centro de Día que viven en situación de soidade non desexada nos seus domicilios, un traballo que inclúe o acompañamento a diferentes organismos, ao médico, así como saídas e paseos terapéuticos no exterior.



**RÚA FISTERRA.** Rematadas as obras de ensanche e mellora da rúa Fistera, eliminando un tapón urbanístico que se producía na marxe dereita, onde unha finca privada con varias edificacións impedía homoxeneizar o ancho da vía. A actuación levouse a cabo no punto quilométrico 1,100 da rúa, que forma parte da estrada autonómica LU-114. Os traballos de ampliación xa estaban executados pero foi preciso agardar pola retirada dun poste telefónico para poder completar o aglomerado e pintado de toda a zona.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental  
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

## Desviado o tráfico polas obras do paso soterrado da N-VI



O tráfico da N-VI xa está desviado polo carril acondicionado nas proximidades do Hostal San Lázaro, pola marxe esquerda da estrada en sentido A Coruña, con motivo das obras de renovación e ampliación do paso soterrado.

Trátase dun desvío duns 160 metros de lonxitude que discorren en forma de curva, para salvar a estrutura do paso inferior a demoler, e do novo paso a executar baixo a estrada. É dicir, os vehículos que circulen pola nacional desviaránse desde esta facendo unha curva, para volver incorporarse á mesma 160 metros máis adiante.

Os traballos levados a cabo para a execución deste desvío, incluíron o extendido dunha capa de aglomerado e a instalación de sinalización en ambos sentidos de circulación. Previamente, e como parte dos

traballos de renovación do paso, tamén se executou o desvío e soterrado das redes de servizos afectadas, así como o desvío das canalizacións de auga existentes.

O desvío proxectouse con sección similar á existente, con carrís de 3,5 metros de anchura e beiravías de 1,5 metros, tendo en conta o elevado tráfico da estrada, de máis de 25.000 vehículos diarios. Así mesmo, se permitirá a entrada directa desde a estrada á chaira contigua ao hostal San Lázaro, saíndo polo mesmo punto, para o que se instalará a debida sinalización este mesmo martes.

Está cortado tamén o ramal que une a Calzada da Ponte coa N-VI por unha cuestión de seguridade e aproveitando, ademais, que en breve comezarán tamén as obras para a peonalización da Calzada.

## A Deputación e o Concello traballan xuntos para mellorar os pavillóns de Santa María

A Deputación e o Concello constituíron a comisión de seguimento do convenio de cesión do Fogar de Santa María nunha reunión celebrada no Pazo de San Marcos. A constitución desta comisión é precisa para tomar calquera decisión sobre Santa María, segundo a última modificación do convenio de cesión do inmovible entre a Deputación e o Concello, acordada no ano 2009.

Ademais da constitución da propia comisión, o presidente e a alcaldesa acordaron celebrar unha nova reunión deste órgano o vindeiro 8 de marzo, ás 17.30 horas, para tratar a actualización do convenio de uso dos distintos pavillóns co fin de adaptalo á realidade actual; estudar a execución dun proxecto de reforma e mellora dos espazos comúns circundantes aos distintos pavillóns do complexo de Santa María; estudar as distintas solicitudes existentes, nomeadamente a da Policía Nacional, para o uso público da cidadanía de estacionamento gratuito nos espa-

zos resultantes das actuacións que se acometan; e a proposta de modificación do convenio para adaptalo aos acordos que se adopten ao respecto.

O presidente subliñou que a Deputación e o Concello darán todos os pasos necesarios para poñer a disposición da cidadanía prazas de aparcamento no complexo de Santa María, “con todas as garantías legais e de seguridade, como non podería ser doura maneira, tanto para a propia Administración, como para as persoas que vaian usar este espazo para aparcar”, pero facéndoo ademais “con boas condicións de accesibilidade, de comodidade e de espazo”. Pola súa banda, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez destacou a importancia de poñer novas dotacións ao servizo da cidadanía, “pero sempre nas mellores condicións e con totais garantías de seguridade, como así se fixo, tamén, en xuño de 2018, cando habilitamos o parking do Seminario polas tardes e as fins de semana”.

## O Impulso Verde mantén en tensión aos grupos políticos

O Grupo Popular de Lugo solicitou ao goberno aclaracións “para que vai servir o edificio Impulso Verde cuxa construción está a piques de finalizar”. Antonio Ameijide recrimina a improvisación e o malgasto de fondos públicos “a alcaldesa gasta case dous millóns de euros en dous anos nun edificio de equipamento que non sabe para que se vai a utilizar”.

O popular detalla que “comezaron a tramitación en 2019 e varios anos despois, co edificio case acabado seguen sen poder respondernos nin de forma oficial, nin informal a que se vai a destinar este edificio”.

O viceportavoz popular Antonio Ameijide aínda que coincide en que “é positivo que se traballe para facer unha cidade máis respectuosa co medio ambiente” resúltalle rechamante “que se monte un edificio ecolóxico, referencia da cidade verde de Lara Méndez, nunha rotonda chea de coches e á beira de varias superficies comerciais”. Os populares explican que “o edificio pode ter os premios de arquitectura que se quei-



ran, ninguén discute a calidade ou o sistema construtivo ou mesmo o deseño, pero o edificio Impulso Verde nin está integrado no medio, nin ten unha utilidade para os lucenses”. Ameijide asegura que “coñecendo o ego da alcaldesa todo apunta a que o Edificio Verde que impulsa é unha obra para gañar un titular e para perpetuar o seu paso pola alcaldía do mesmo xeito que o foi no seu momento o MIHL de Orozco”.

O PP anuncia que pedirá explicacións en comisión sobre o uso do edificio e

sobre que partido sacaranlle os lucenses así como os custos de mantemento. “É moi agradable sacar fotos de inauguracións de edificios verdes pero hai que ser serios para que este inmovible non pase á colección de edificios sen uso ou abandonados que ten o bigoberno”. O popular referíase aos paneis do Ceao “que nunca chegaron a funcionar e onde o PSOE gastou 800.000 euros; ou o edificio infrautilizado do MIHL no que se gastaron 11 M€ ou ben o edificio abandonado do Auditorio de Magoi”.

## Ciudadanos pide explicacións do repintado dos aparcadoiros

O concelleiro de Ciudadanos, Juan Vidal-Pardo, denunciou que o Goberno local non ampliará as prazas dos residentes ao igual que se está a facer co resto nos aparcadoiros de Santo Domingo, praza de Ferrol e praza da Constitución dentro do proxecto de repintado.

“Non entendemos esta decisión de Lara Méndez que constitúe un agravio para os 50 veciños afectados por esta medida e que lonxe de mellorar a calidade do servizo está a xerar un novo problema. Esiximos unha rectificación. É necesario que o Goberno local xustifique esta decisión que non responde a ningún criterio técnico. Consideramos que este Goberno esta a priorizar os beneficios da empresa concesionaria fronte aos intereses e dereitos dos cidadáns de Lugo”, sinalou o edil da formación laranxa.

Ademais Vidal-Pardo denunciou deficiencias no funcionamento dos aparcadoiros da praza da Constitución, praza de Ferrol e Santo Domingo. “Gustaríanos saber como xustifican Méndez e Arroxo que o sistema de extracción de fumes no aparcadoiro subterráneo de Santo Domingo non funcione de forma correcta desde hai anos, segundo denuncian os propios usuarios deste aparcadoiro”, proseguíu.



## Proposta para abordar a ocupación da cidade

O concelleiro de Ciudadanos Juan Vidal-Pardo anunciou que o seu grupo propoñerá ao pleno unha proposición que ten por obxectivo poñer en marcha de forma urxente un Plan municipal de convivencia como consecuencia das problemáticas derivadas das ocupacións efectivas de vivenda e polos intentos frustrados de ocupar. “Ao longo do mandato, tanto PSOE como BNG negaron a existencia dun problema coa ocupación e tacháronos de alarmistas cada vez que

abordamos este asunto. Con todo a realidade na rúa demostra que existe unha preocupación entre os veciños de moitos barrios como A Milagrosa, Sagrado Corazón, As Gándaras, Montirón, Fingoi ou A Campiña polos continuos casos de intentos de ocupación. Hai zonas na cidade nos que os seus veciños organizaron sistemas de alerta a través de chats de whatsapp para evitar que entren nas vivendas”, sinalou o concelleiro da formación laranxa.

## Aprobada a modificación do PXOM necesaria para facer a Intermodal

O Pleno acordou a aprobación inicial da modificación puntual 03, non substancial, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para acadar a descatalogación do Edificio de Correos, sito ao carón da actual estación do Ferrocarril, logo de que a Xunta de Goberno dera a súa conformidade, en decembro, ao proxecto técnico elaborado polo Servizo de Arquitectura que recollía os cambios a realizar no ámbito territorial da ficha L-m53 do Catálogo de Protección do PXOM no que, de forma errónea, se atopaba incluído o devandito inmoble.

O trámite supón avanzar na materialización, por parte do Concello, das competencias que este tiña asignadas no protocolo de colaboración que mantén coa Xunta de Galicia e o ADIF para posibilitar a construción da Estación Intermodal de Lugo. “Unha infraestrutura tan necesaria como demandada” e que a rexedora, Lara Méndez, recuperou para o debate e a acción política xa durante o pasado mandato.

Pese a que resultaba notorio que a similar catalogación dos dous inmobles obedecía a un erro, xa que entre o da Estación (anterior a 1893) e o de Correos (posterior a 1977) dista case un século, a Xunta mudou de opinión opoñéndose a acelerar a súa corrección pola vía interpretativa, inicialmente acordada, e impedindo que a emenda se alcanzara coa aprobación dun informe de interpretación de interese público.



O proxecto da nova estación de tren

Un cambio de criterio contrario á simplificación da tramitación e que dilatou o procedemento considerablemente.

A alcaldesa explicou que, logo deste traspés e tras recibir o informe favorable do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias ao proxecto elaborado polo Concello, a modificación deberá ser validada agora polo Pleno para, a continuación, someterse a exposición pública polo prazo dun mes, período tralo cal, así como da resolución das posibles alegacións que se presenten, o expediente será remitido á Consellería de Urbanismo para que emita informe vinculante.

En caso de ser positivo, a Administración local procederá á súa aprobación definitiva coa posterior publicación do acordo no DOG e á remisión dun exemplar do PXOM coa modificación puntual xa in-

corporada á Consellería de Medio Ambiente para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, paso imprescindible e definitivo para darlle eficacia ao acordo.

Lara Méndez lembrou que, acolléndose ás indicacións realizadas dende Patrimonio Cultural para a redacción do proxecto, o equipo técnico revisou a contorna de protección do edificio da estación do ferrocarril e estableceu os condicionantes necesarios tanto para a salvagarda do ben protexido como da devandita contorna, sen que isto supuxera a cualificación do mesmo como ben catalogado.

A rexedora lucense apelou ao cumprimento dos compromisos anunciados polos organismos públicos para materializar a dotación e quixo destacar a importancia de axilizar todo o posible o procedemento.

## O Concello solicita á Deputación a mellora da Avenida Filarmónica



O concelleiro de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas, vén de solicitar á área de vías e obras da Deputación de Lugo que realice certas intervencións á cidade. A través dunha carta, Alexandre Penas solicitou “unha serie de medidas destinadas a mellorar a seguridade peonil, seguindo na liña de traballo posta en marcha polo Goberno de Lugo e apostando por un tráfico máis calmado na cidade”. O edil explicou que “trátase de peticións veciñais que chegan ao Concello, e que non podemos solucionar ao tratarse de vías da Deputación”.

Entre as solicitudes que recibiu a con-

cellería de infraestruturas, destacan múltiples solicitudes para mellorar a seguridade peonil na Avenida Filarmónica Lucense, onde a veciñanza reclama a renovación dos pasos de peóns existentes, converténdolos en pasos de peóns elevados, a mellora dos accesos ás instalacións deportivas da zona ou a renovación do firme da vía ou da capa de rodadura, moi desgastada polo paso do tempo. Ademais, solicítase a creación dun novo paso de peóns elevado nas proximidades da unión desta rúa coa avenida Alfonso X para crear un itinerario máis seguro e accesible na unión co paso elevado da N-VI.

## A Deputación investirá no Miño na plataforma de baño pública

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un novo convenio de colaboración co Concello de Lugo a través da achega 303.319,94€, para a instalación dunha plataforma de baño pública no parque do Miño. A institución provincial aporta deste xeito o 80% do total do investimento necesario para acometer esta actuación.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, explicou que “coa aprobación deste novo convenio, o presidente da institución, José Tomé Roca, cumpre coa súa palabra de manter o mesmo compromiso económico para habilitar esta dotación de lecer tan importante para o concello de Lugo”.

“Como xa explicamos, o convenio de colaboración que existía entre a Deputación e o Concello de



Lugo para a finalidade do espazo fluvial de baño no Miño, formalizado no ano 2010, quedou sen vixencia. Na Xunta de Goberno deste venres acordouse así a resolución dese acordo e, ao mesmo tempo, aprobouse un novo convenio, co que se axiliza a tramitación administrativa. García Porto insistiu que “isto dá

boa conta do firme compromiso da Deputación por colaborar co Concello de Lugo, como o demostran tamén outras actuacións tan importantes para o futuro da cidade como son as obras de desdoblamento e humanización da avenida Infanta Elena, nas que dende a institución provincial estamos investindo 1,4M€”.

## O colexio de Casás conta con novo mobiliario urbano



Visita ás instalacións do CEIP Casás

A concellería de Infraestruturas Urbanas vén de instalar novos aparcabiscis e bancos no colexio de Casás, respondendo a unha solicitude da comunidade educativa trasladada pola concellería de Educación.

“Desde o Goberno de Lugo continuaremos a atender as distintas solicitudes de mobiliario urbano nos centros escolares para facilitar que as nenas e nenos, ademais do persoal docente poidan asistir aos centros de ensino usando a bicicleta”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “estas medidas complémntanse co plan de calmado de tráfico posto en marcha desde a nosa chegada ao goberno e que

permitted contar cun tráfico máis calmado na contorna dos centros de ensino”.

Durante o ano pasado, o Goberno de Lugo ampliou a capacidade de aparcabiscis da cidade, colocando novos puntos no aparcadoiro municipal do Seminario Menor, na contorna do Colexio Cervantes, en Paradai, Fontiñas, na prazas do Castiñeiro e Agro do Rolo e na rúa Bispo Aguirre. Segundo Alexandre Penas, “esta acción da un paso máis no novo modelo de mobilidade que se está a implantar en Lugo, con menos coches nas rúas, e cun maior uso do transporte público e da bicicleta”.

## Lugo pon en marcha dous proxectos para a recollida de materia orgánica e compostaxe

A área de Medio Ambiente do Concello de Lugo dará un impulso ao tratamento dos biorresiduos coa posta en marcha de dous proxectos, un para implantar a recollida separada dos restos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico e, outro, para fomentar a súa separación e reciclaxe en orixe mediante a compostaxe doméstica e comunitaria. A Administración local autorizaba onte, en Xunta de Goberno, concorrer ás dúas liñas que, a este respecto, recolle a convocatoria de achegas autonómicas habilitadas ao abeiro dos Fondos de Recuperación e Resiliencia da UE. Trátase dunha iniciativa que trata de fornecer a cidade daqueles recursos económicos que permitan seguir avanzando no modelo de cidade sostible e verde, dentro da estratexia de loita contra o cambio climático e, dentro da cal, un dos principais obxectivos é acadar a correcta xestión dos residuos xerados no municipio, cun mínimo impacto ambiental e sobre a saúde das persoas. O investimento nestas actuacións alcanzará os 311.400 euros, sendo

sufragado polo Concello o 10% dos custos. Entre as actuacións que se contemplan levar a cabo a través desta subvención figura a adquisición de colectores para a recollida separada de biorresiduos na vía pública, así como de caldeiros e composteiros comunitarios e domésticos, tanto para uso individual ou familiar como destinados aos considerados grandes xeradores, entendéndose como tales os restaurantes, maioristas, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de consumo polo miúdo. Igualmente o Concello abastececese de sacas reutilizables, biotrituradoras e outros aparellos destinados a controlar o proceso de compostaxe como termómetros, aireadores e tamizadoras e mesmo camiións específicos para a retirada e traslado deste tipo de refugallos, ao tempo que desenvolverá campañas informativas e de sensibilización entre a poboación. Poranse en marcha dous Puntos Limpos Móviles que complementarán ás instalacións fixas que o Concello de Lugo xa ten no Ceao.

## O Castiñeiro contará con 57 vivendas de promoción pública

A rúa Lorenzo Varela de Lugo, será o escenario elixido para a construción de 57 vivendas de promoción pública (VPP), cun orzamento estimado de 7,8 millóns de euros.

A Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda prevé licitar no segundo trimestre deste ano a redacción do proxecto e a dirección facultativa da obra, para o que reserva neste exercicio unha partida de 351.000 euros.

A nova promoción ocupará un solar de 1.318 metros cadrados que fai esquina entre as rúas Lorenzo Varela e Ramón Piñeiro, no entorno da praza do Castiñeiro. A parcela, propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), ten unha edificabilidade 7.908 metros cadrados, dos que 6.590 se destinarán a vivendas. A altura permitida é de seis andares (baixo máis cinco plantas). Os 57 pisos resultantes, 17 máis dos 40 previstos inicialmente, calcúlanse para espazos residenciais de 90 metros cadrados. Porén, o proxecto final podería dar lugar a algunha vivenda máis no caso de que inclúa domicilios de menores dimensións cun ou dous dormitorios.

A localización na zona do Castiñeiro adáptase mellor ao proxecto. Esta futura actuación axudará a dar res-



posta á demanda de vivenda de promoción pública na cidade de Lugo.

**AXUDAS.** A maiores, a Administración autonómica ofrece axudas directas para adquirir vivendas, como as que contempla a liña de achegas de ata 15.000 euros para comprar en cascos históricos ou o programa para mercar vivendas protexidas -ambos co prazo de solicitude aberto ata o 30 de setembro-; e a medida para adquirir vivendas no rural dirixida a menores de 35 anos, que se prevé convocar no primeiro trimestre.

**BONO ALUGUEIRO SOCIAL.** Así mesmo, xa están convocadas as axudas do Bono de alugueiro social corres-

pondentes a 2022, co obxecto de facilitar o acceso e o mantemento dunha vivenda en réxime de arrendamento a aqueles colectivos con maiores dificultades económicas. O Bono tamén prevé a concesión dunha axuda adicional de 600 euros para cubrir os gastos de formalización dun novo contrato de alugueiro ou, no caso de que o beneficiario permaneza na mesma vivenda, para atender débedas subsistentes. Coa concesión desta axuda e do complemento, o beneficiario recibe o 100% da mensualidade máxima do alugueiro, que no caso das sete cidades galegas pode chegar ata os 450 euros; en concellos de tamaño medio, ata 400 euros; e no resto, 350 euros.

## O PP pide o arranxo urxente de dúas zonas da cidade

Os concelleiros do do PP fanse eco das queixas dos veciños que piden unha mellora destas dúas zonas.

“O parque infantil Marcos Cela precisa dunha intervención inmediata por parte do goberno local xa que presenta unha serie de deficiencias que poden poñer en risco a integridade dos pequenos que fagan uso desta zona de ocio” afirma o Partido Popular.

O máis urxente é reparar o valado exterior desta zona verde, xa que rompeu e falta un tramo de varios metros, provocando un serio risco de caída por unha ladeira de varias decenas de metros. Na propia zona de xogos infantil urxe reparar o chan acolchado, xa que ten varias faltas e roturas, polo que non cumpre a súa función, sen esquecer a necesidade de mellorar o aseo da zona.

Ademais, tamén poñen de manifesto a necesidade de acondicionar a rúa Roi Xordo, no barrio de Fingoi. Precisa dunha mellora, polo menos así o piden os veciños da zona, que denuncian o mal estado das beirarrúas, sobre todo as que rodean a zona de xogos infantil, punto no que xa se produciron varias caídas de pequenos e maiores ao tropezar coas plaquetas rotas do chan ou coas raí-



ces das árbores. Por iso, o PP pide ao goberno de Lugo o arranxo inmediato desta zona, xa que se trata dun punto



**LIMPEZA DE PARQUES.** O PP denuncia tamén a falta de limpeza nas rúas, estradas, infraestruturas e zonas verdes, facendo especial fincapé nos parques infantís da cidade de Lugo. Varios veciños da cidade puxéronse en contacto cos concelleiros populares para denunciar “o pésimo e lamentable estado” que presentaban as zonas de xogo infantil, con moitos dos xogos totalmente cubertos de excrementos de paxaros. Unha situación que os lucenses denunciaron a través das redes sociais.

moi transitado polos lucenses xa que a zona de xogos infantil é moi empregada polos veciños no seu tempo de ocio.



## Queixas veciñais polo carril bici

O carril bici volve a ser un tema de conflito. Os concelleiros do PP están recibindo numerosas queixas por parte de veciños polas molestias que está a xerar o carril bici.

Entre os problemas detectados polos veciños está o proxecto realizado na rúa Dona Urraca, na que o carril bici remata contra a fachada dunha casa, hai un punto perigoso debido á existencia dun tapón urbanístico no que vehículos a motor e bicicletas comparten a vía circulando en sentidos contrarios a pesar de ser unha zona na que só cabe un coche xusto, eliminaron todas as prazas de estacionamento.

Os populares tamén revisaron ou-

tros puntos nos que os veciños criticaron a obra do carril bici. Na rúa López Guntín, para facer o carril bici non só eliminaron prazas de aparcamento, senón que tamén optaron por facer máis pequena a beirarrúa. O Partido Popular afirma que na rúa Germán Alonso tamén hai varios problemas. Hai zonas nas que a pintura está borrada ou, directamente, desapareceu, “e non é a primeira vez que sucede, xa que denunciámos esta situación na Ronda do Carne. Pero a isto hai que engadir que, como se eliminaron prazas de aparcamento, hai ocasións nas que os veciños non teñen máis remedio que aparcarse sobre o carril bici”.

## O Concello puxo en marcha unha nova Plataforma de Contratación Municipal

O pasado mes de febreiro púxose en marcha unha nova Plataforma de Contratación Municipal que se encargará de garantir a igualdade de oportunidades, favorece a concorrència e incrementa a transparencia.

A iniciativa enmárcase no Plan de Acción da Alcaldía deseñado a inicios de mandato para modernizar a Administración local, especialmente naqueles aspectos que gardan relación coa simplificación e coa eficacia dos procedementos burocráticos ou que repercuten de xeito directo na mellora das relacións coa cidadanía.

Logo do diagnóstico que a Intervención xeral fixo sobre o funcionamento do Concello o equipo económico artellou unha serie de medidas correctoras que, partindo primeiramente da ordenación do persoal, se centran agora en habilitar novos mecanismos que permitan asumir con maior dilixencia os procesos de contratación, facturación e contabilidade local, sempre coa vocación de ser máis áxiles, máis accesibles e máis próximos á veciñanza.

Entre outras actuacións, á implantación dun modelo de segui-

mento da actividade relacionada coa elaboración dos pregos de prescricións técnicas dos diferentes procedementos de adxudicación así como á avaliación trimestral que se realiza dos contratos menores. Agora complétase coa publicación desta Plataforma coa que se pretende propiciar a participación nos concursos públicos sabedores de que esa competitividade aberta servirá tamén para rendibilizar os recursos económicos que se invisten na adquisición de bens, servizos e/ou prestacións.

Esta nova ferramenta dixital será sinxela e moi intuitiva no seu manexo de maneira que calquera persoa poida acceder a ela para realizar consultas, informarse das bases de contratación, ou inscribirse nas adxudicacións en curso. Permitirá ademais a creación dun rexistro de licitadores que poderán inscribirse naquelas categorías que se correspondan coa actividade que desenvolven ou na que teñan interese, de maneira que, mediante un sistema de alertas, serán notificados da apertura de novos procedementos así como dos avances que se produzan neles.

## CCOO critica que o Concello de Lugo cubrirá 68 prazas sen seguir o procedemento

A sección sindical de CCOO no Concello de Lugo critica que o Goberno local non utilice os procedementos establecidos para a cobertura de prazas, que é o concurso público. No seu lugar, a Administración está a «abusar» das atribucións temporais e das comisións de servizo, fórmulas que se utilizaron para cubrir 68 postos. Por este motivo, o sindicato acaba de rexistrar unha solicitude para obter copia das resolucións polas que se concederon as diversas prórrogas de cada unha das comisións de servizo, así como os informes das xefaturas ou áreas polas que se motivou a necesidade de urxencia.

No seu escrito, CCOO lembra que a Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 15 de xullo de 2020, adoptou o acordo 14/305 de adxudicación dos postos de traballo por comisión de servizo

ou adscrición provisional, convocados por resolución do 4 de maio e acordo da Xunta de Goberno do 10 de xuño.

Un dos requisitos é a acreditación da existencia da urxencia e inaprazable necesidade. “A xustificación requisito debe constar expresamente no expediente administrativo”, expón o sindicato, pois a súa ausencia “pode levar á anulación do acto administrativo» de designación dun funcionario ou funcionaria en comisión de servizos”.

Así mesmo, CCOO sinala que a Xunta de Goberno local do 13 de xaneiro do 2021, mediante o acordo 17/17, aprobou as bases para os concursos de provisión de diferentes postos de traballo “como sistema normal de provisión”. Con todo, “a día de hoxe non se iniciou tal proceso”, apunta o sindicato.

## As ordenanzas en 2022 están baseadas na conxelación de taxas

A edil de Gobernanza, Paula Alvarellos, presentou os principais cambios que recollerán as Ordenanzas en 2022, que estarán baseadas na conxelación dos impostos e de todas as taxas de maneira que as modificacións obedecen, na maioría dos casos “a variacións semánticas na redacción dos preceptos, xustificadas na necesidade de adecuacións, nalgúns deles, ao actual marco normativo ou para redundar nunha mellor comunicación dos contidos”, afirmou a tenente de alcaldesa.

Deste xeito a revisión efectuada este ano afectará, entre outras á Ordenanza Fiscal Xeral, que incorporará cambios relativos, fundamentalmente, a regular a relación entre administrado e Administración no que ten que ver coa tramitación electrónica e coa incorporación dos documentos que resultan necesarios para abordar diferentes procedementos.



A alcaldesa e a edila Paula Alvarellos

Mentres que na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo Servizo Municipal de Subministración de Auga Potable a Domicilio, “e co obxectivo de ampliar información ás e aos usuarios, se clarifican os casos polos que se rexe o consumo estimado no caso de inexistencia de lectura do contador”. Maior alcance tivo a

revisión efectuada á Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Prestación do Servizo de Mercado, na que “pasa a contemplarse a utilización das instalacións para a realización de actividades culturais, sociais, deportivas, etc. así como as súas tarifas, ao tempo que se realizan puntualizacións sobre os custos”.

## As distribuidoras de enerxía deberán pagar unha taxa polo uso de espazos públicos

Rematou a amnistía fiscal para as grandes distribuidoras de enerxía. A decisión obedece á vontade de acadar unha equidade tributaria que atenda a criterios de proporcionalidade de acordo a ocupación que estas empresas fan do espazo público para obter beneficios económicos.

Así, a área de Gobernanza vén de redactar unha nova Ordenanza coa que se regulará a taxa para gravar o aproveitamento do dominio público, tanto no solo, como no subsolo e no voo, coa que se determinará o importe da afección que estas compañías ocasionan sobre os bens municipais ou comunais. O importe da mesma fíxose tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada deses usos, atendendo a un informe técnico económico no que xa se contempla a realidade do mercado. De maneira que a cota tributaria será o resultado de aplicar un tipo impositivo á base imponible.

Co fin de respectar as esixencias do Tribunal Supremo nas sentenzas que motivan esta Ordenanza establecéronse, ao efecto, dous tipos impositivos diferentes en atención da intensidade do uso do dominio público local.



Por unha banda, aplicarase un tipo do 5% para os aproveitamentos especiais das instalacións tales como caixas de amarre, liñas subterráneas, torres metálicas, apoios, transformadores, depósitos ou outros elementos similares e, pola outra, o 2,5% para o aproveitamento dos restantes elementos tales como liñas aéreas ou cables de transporte de enerxía.

Deste xeito, a norma acompañarase dun cadro de tarifas, segundo sexan liñas aéreas ou subterráneas de alta tensión ou destinadas á subministración de gas e hidrocarburos, que as empresas deberán abonar, con carácter anual, en réxime de autoliquidación e que poderá ser verificada pola Administración local para, no seu caso, practicar a liquidación complementaria.

## O novo contrato da limpeza viaria e recollida de lixo entra na súa fase final

O novo contrato para o servizo de limpeza viaria e recollida de lixo entra na súa fase final. O Tribunal Administrativo de Contratación Pública resolveu os recursos presentados polas empresas Cespa Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares e Ascan Servizos Urbanos contra a exclusión das súas ofertas, levantando asemade a suspensión do proceso polo que o Concello de Lugo poderá proceder agora á adxudicación da concesión.

A mesa de contratación, determinara o pasado día 3 de decembro, logo de valorar ás empresas que chegaran coa mellor puntuación ao final do procedemento, propoñer á UTE integrada por Copasa, Geseco e Setec Building como a adxudicatária por presentar a oferta máis vantaxosa para os intereses municipais.

O tenente de alcaldesa e concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Fernández, lembrou que á licitación, que comezou en xullo de 2020, concorreron oito empresas e para avanzar durante todo este tempo tiveron que resolverse varios recursos que presentaron aquelas que fan resultando excluídas.

A licitación, que terá unha duración de dez anos, suporá un investimento de 134'1 millóns de euros, o que a converte na de maior contía económica do municipio xa que suporá ao redor do 13% de cada orzamento.

# DEPUTACIÓN

## Consenso das deputacións para destinar os fondos europeos ás estradas

O presidente da Deputación de Lugo participou no pleno da Comisión de Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) celebrado na cidade de León, un encontro no que houbo consenso en torno á reivindicación de Tomé Roca de habilitar fondos europeos para mellorar a rede de infraestruturas provinciais, así como da capacidade das deputacións para xestionar estes recursos económicos conseguidos polo Goberno de España para recuperación da pandemia da covid-19 e que, deste xeito, sexan realmente útiles para a cidadanía, sobre todo no mundo rural.

Neste sentido, a Comisión de Deputacións acordou enviar unha carta ás Comunidades Autónomas e ao Ministerio de Transportes solicitando que as deputacións reciban un 15% dos recursos da UE que xestiona o Estado e outro tanto dos transferidos ás autonomías para destinalos ás redes viarias provinciais.

## Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista que se celebrou no hotel Torre de Núñez baixo o lema *Lugo Avanza*. Tomé Roca asegurou que deste congreso “os socialistas saímos unidos e máis fortes para darlle un novo impulso ó Partido Socialista na provincia, para seguir medrando, para seguir ampliando a representación institucional e para seguir mellorando a nosa provincia e a vida dos nosos veciños e veciñas. A provincia necesita máis Partido Socialista”.

Dende un “bo punto de partida”, pois o PSdeG goberna a día de hoxe para o 65% da poboación lucense, con 27 gobernos, catro cogobernos, e a Deputación de Lugo, o Secretario Provincial situou como obxectivos “consolidar as alcaldías que temos, conseguir outras novas nas que temos clarísimas opcións, manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o Goberno de España e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que



tanta falta lle fai a este país”.

Para continuar avanzando e lograr estes obxectivos, Tomé Roca establece no plano orgánico unha serie de medidas, que coinciden ademais co que lle foi trasladando a militancia nos encontros Camiñamos Xuntos que mantivo nas últimas semanas por toda a provincia para preparar o Congreso. “Iso é moi bo, porque así é máis fácil remar todos e todas na mesma dirección”, afirmou o Secretario Xeral, explicando que, “para empezar, concordamos na unidade, en que queremos un

partido unido porque iso é forza. E, neste sentido, creo que empezamos ben porque, gracias ao diálogo e ao acordo, houbo unha única candidatura á dirección do partido na provincia, e o compañeiro Xosé María Arias integrouse nesta candidatura que hoxe sae ratificada neste Congreso”.

José Tomé agradeceu a Arias que puxese “por riba de todo, a vontade de acordo e de integración, máis alá das lexitimas aspiracións persoais a optar a un cargo que calquera compañeiro ou compañeira pode ter”.

## Preparada a segunda tempada do programa Saborea a túa provincia

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a segunda edición do programa Saborea a túa provincia, unhas xornadas gastronómicas e lúdicas coas que busca promocionar e incentivar o consumo dos produtos de proximidade, como fórmula para dinamizar a economía dos concellos e para axudar na recuperación da hostalería, do turismo, do comercio e dos pequenos produtores, que viron moi mermada a súa actividade pola pandemia.

Igual que o ano pasado, no que o programa tivo moi boa acollida con 200 visitantes, o Saborea a túa Provincia celébrase ao longo do mes de agosto de xeito itinerante en 9 concellos da provincia e contará cun orzamento de 100.000€. A diferenza da edición do 2021 terá un formato máis dinámico, con programacións de media xornada, pero mantendo os principais atractivos do Saborea: a música, as demostracións culinarias, as degustacións e as actividades para os máis pequenos.

## O Pleno reclama á Xunta unha atención bancaria para os maiores

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que se implique na defensa dunha mellor atención bancaria para as persoas maiores. Así o acordou o Pleno da Corporación provincial coa aprobación dunha moción do grupo do PSdeG, que contou co apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.

A proposta socialista parte das reclamacións da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo sobre cuestións transversais como a necesidade de ampliar horarios de atención ao público das oficinas, garantir a atención presencial a maiores que non contan con competencia en medios dixitais, ou medidas de seguridade nos caixeiros; pero fai corresponsable á Xunta pola súa inacción. Concretamente, a institución provincial instará ao Goberno galego a mostrar o seu respaldo ás reclamacións de mellora na atención bancaria formuladas polas plataformas da terceira idade e do rural; a tomar medidas para garantir a presenza de sucursais bancarias en tódolos concellos da provincia; a primar as operacións

con aquelas entidades que garantan a prestación de servizos bancarios dun xeito adecuado; a excluír da participación na xestión dos fondos de reconstrución a aquelas entidades que non cumpran estas condicións; e a elaborar unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas a non quedar excluídos da prestación dos servizos básicos de carácter financeiro. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, argumentou que “subvencionar a instalación de caixeiros nos concellos onde non hai oficinas bancarias non é a solución”, que son moitos os maiores que non son quen de desenvolverse coa banca dixital e que a perda dos postos de traballo no sector supón xa o 27,5% desde o 2008, con máis de 5.000 empregos destruídos.

Concellos como Negueira de Muñiz, O Páramo, Ribeira de Piquín y Samos carecen xa de oficina bancaria no seu municipio e no caso de Samos, isto supón un prexuízo para os veciños, pero tamén para os moitos pe-

regrinos que pasan pola vila, situada no camiño de Santiago.

**FONDOS COVID.** A institución provincial tamén pedirá explicacións ao Goberno galego por deixar sen executar o 30% -220M€- dos fondos Covid, duplicando a porcentaxe media doutras comunidades autónomas. “Feijoo non foi quen de achegar ás pemes, ós autónomos, ao comercio ou á hostalaría todos os recursos que o Estado lle transferiu para frear o impacto da covid neses sectores”, denunciou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, que reprochou tamén que o Presidente da Xunta cargase con gastos extraordinarios ás facendas locais ou que non contratase máis persoal sanitario cando colapsaron a Atención Primaria e as Urgencias.

De acordo á proposta socialista, a Deputación reclamará que o presidente da Xunta compareza nun pleno extraordinario do Parlamento para dar explicacións sobre esta cuestión; que o goberno galego reactive o Pacto Local firmado cos concellos, avalie



ca Fegamp a pegada extra da covid nas facendas locais e determine as fórmulas para compensar ás administracións locais polo gasto extra asumido durante a pandemia; e a creación dunha Mesa de Seguimento da xestión dos Fondos de Recuperación, que conte ca representación de todas as forzas parlamentarias e na que estea representada tamén a administración local, para evitar que se manteña o baixo grao de execución actual.

**ATENCIÓN SANITARIA.** O Pleno provincial aprobou unha moción do BNG para demandar á Xunta de Galiza a normalización da asistencia en atención primaria, recuperando

a atención presencial para todas as persoas que o soliciten e limitando as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias, garantindo tamén que esa atención se faga sen demoras co aumento do número de profesionais que as atenden.

Na exposición da proposta, a vicepresidenta da Deputación de Lugo e deputada nacionalista Maite Ferreiro sinalou que “o goberno da Xunta está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública” e referiuse á situación dos centros de saúde Xermade, Chantada, Pantón, Castro de Rei ou Lugo, onde a falta de persoal está clara.

# AO NOSO CARÓN

friol

## Supervisan a renovación das pistas de tenis do club fluvial

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, achegou 30.660 euros ao Concello de Friol para renovar a pista de tenis do club fluvial.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, acompañado do alcalde de Friol, José Ángel Santos, comprobou o resultado das obras, que incluíron a substitución do pavimento, das redes e de todo o peche perimetral. A actuación foi realizada pola entidade local a través dun convenio co Goberno galego, que contribuíu co 80% do investimento.

Arias destacou o apoio aos concellos para modernizar as súas infraestruturas deportivas. Nese sentido, lembrou que a Administración autonómica tamén vén de investir 47.500 euros na mellora da cuberta e das instalacións do pavillón do CPI Dr. López Suárez de Friol, unha actuación que tivo un custo de 95.000 euros, sufragados ao 50% entre Xunta e Concello.

Neste exercicio 2022, a Secretaría Xeral para o Deporte conta cun orzamento inicial de 32.489.463 euros, dos que 11,3 millóns de euros van destinados a obras de construción e reforma de infraestruturas deportivas, un 24% máis que en 2021.

## Volve o 20 de marzo a Feira do Queixo e Pan de Ousá

O próximo día 20 de marzo celebrarase a XXVIII Edición da Feira do Queixo e Pan de Ousá no Concello de Friol, onde as queixeiros de todo o municipio e as panaderías de Ousá poderán expoñer e vender os seus produtos.

O Concello leva xa dous anos sen poder celebrar esta sonada feira, que cumpre xa 28 anos de vida. O motivo de non levala a cabo nin no 2020 nin no 2021 foron as restricións motivadas pola covid.

En este ano por fin poden retomala, pero por suposto, extremando as precaucións, polo que será nun formato totalmente distinto aos das edicións anteriores, para poder garantir a seguridade sanitaria de todas as persoas que queiran asistir, tanto as que participarán vendendo os seus produtos como todas aqueles visitantes que queiran achegarse a Friol en ese día. Estas precaucións a tomar non deslucirán unha festa tan importante, así que se espera unha gran afluencia de vendedoras e vendedores e de público en xeral, que se acerquen a Friol a pasar un día alegre e de festa.

Aínda que está previsto que o formato de como se coñece a Feira do Queixo e Pan de Ousá mude para



garantir en todo momento a seguridade sanitaria e o protocolo, para nada vai deslucir un dos eventos máis importantes que ten a provincia de Lugo, nesta edición por parte do Equipo de Goberno, están ultimando todo tipo de detalles na organización do evento que case seguro manterá en liñas xerais o programa de anos anteriores aínda que con pequenas puntualizacións que se darán a coñecer na súa presentación e que para nada repercutirán nun dos días máis importantes de Friol.

A Feira do Queixo e Pan de Ousá foi a plataforma perfecta a través da súa difusión chegando a toda Galicia e nos últimos anos incluso a parte do noroeste de España, a Feira foi o escaparte perfecto para

difundir e impulsar estes dous produtos no exterior, conseguindo renovando instalacións tanto de panaderías como queixeiros, adaptándoas aos novos tempos, modernizando toda a maquinaria necesaria para produción e incluso aumentándoa, como tamén as novas construcións que se foron asentando nos últimos anos, tanto podemos falar de novas queixeiros como novas panaderías, co único obxectivo de conseguir producir para tratar de cubrir a demanda.

O rexedor espera a asistencia e participación de gran parte das queixeiros de Friol, e de todas as panaderías de Ousá, en este día tan especial para o pobo, desexando que sexa inesquecible para toda a poboación do municipio de Friol.

## Comeza a nova parcelación de San Xoán de Seoane de Pregación

A Consellería do Medio Rural iniciará os traballos na nova parcelaría de San Xoán de Seoane de Pregación, situada no concello de Friol, ao longo do primeiro semestre deste ano 2022. Así llo trasladou a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, ao alcalde deste municipio lugués, José Ángel Santos, na reunión que mantiveron en Santiago. En dita xuntanza tamén estivo a xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo, Lorena López.

Esta parcelaría, decretada o pasado ano mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. Así, actuarase na reestruturación de 402 hectáreas de superficie propiedade de 93 veciños. Neste senso, cabe sinalar que este proceso foi solicitado polo Goberno local, apoiado polos titulares das 12 explotacións da zona, de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da contorna.

## Melloran as pistas forestais e os cortalumes no municipio

A Consellería do Medio Rural -a través do Servizo de prevención e defensa contra os incendios de Galicia- vén de realizar diversas obras preventivas en montes de xestión pública do concello lucense de Friol, cun orzamento de 75.296 euros. As actuacións centráronse na creación e mellora de cortalumes e faixas auxiliares, así como na construción e arranxo de pistas forestais e pasos de auga -moitas delas en zonas de alto risco de lume (ZAR)- co obxectivo de reforzar a anticipación aos incendios.

En concreto, os traballadores rozaron faixas auxiliares e pistas para retirar matogueira de diversas alturas e densidades, nalgúns casos, permitindo de novo a circulación. Esta acción posibilitou xerar discontinuidades que faciliten atallar eventuais lumes forestais, así como garantir o tránsito polo

monte dos medios de prevención e extinción. Estes labores executáronse nas parroquias de Guimarei, Lamas, Silvela, Os Condes, Ramelle, Vilafiz, Prado, Xía, Nodar e Anafreita, acadando as 124 hectáreas de superficie rozada.

A maiores, nas parroquias de Anafreita e Nodar actuouse en máis de 9 quilómetros de pistas, aumentando o seu grosor, compactándoa e traballando con motoniveladora coa finalidade de facilitar o acceso, así como colocando pasos de auga onde foi necesario.

Todas estas obras enmárcanse no Plan de prevención de incendios forestais da Consellería do Medio Rural, que no ano 2021 contou cun orzamento de case 30 millóns de euros para actuar en máis de 58.000 hectáreas de territorio e nuns 5.000 quilómetros de pistas e vías de comunicación.

## Proxectan unha renovación dos fondos en San Paio de Narla

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo solicitou a colaboración da Consellería de Cultura da Xunta para realizar unha renovación museográfica nos museos de San Paio de Narla e do Pazo de Tor.

Trátase de actuacións incluídas en Soterradas, un proxecto global da Rede Museística Provincial centrado en recuperar e visibilizar a historia das mulleres que traballaron no servizo destes edificios, que foron centros de poder durante séculos, e que se configuraron como espazos culturais dentro da Rede Museística Provincial de Lugo.

Segundo explicou a vicepresidenta Maite Ferreiro "desde a área de Cultura ven de presentarse esta proposta á convocatoria de axudas destinadas a centros museísticos de Galicia, co obxectivo de que a administración galega cofinancie unha iniciativa que aposta por reforzar a mirada



de xénero no discurso dos museos, pero tamén pola inclusión e a accesibilidade dos contidos e dos espazos e polo traballo en rede".

Ademais da renovación museográfica, o proxecto inclúe tamén a convocatoria de residencias artísticas que permitan seguir afondando, a través da creación artística, na recuperación da memoria das mulleres rurais, na liña de traballo doutros proxectos

da RMPL como Recolectoras. Memoria e Terra.

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, incidiu en que "buscamos a colaboración doutras administracións e o traballo en rede para seguir dinamizando os museos e para o mantemento e conservación duns edificios que son patrimonio de todas as galegas e galegos e Bens de Interese Cultural", lembrou.



Centro de saúde de Outeiro de Rei

## O municipio ten xa atención pediátrica diaria

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, vén de efectuar unha visita ao Concello de Outeiro de Rei xunto co alcalde desta localidade, José Pardo Lombao, para supervisar o inicio da prestación de atención pediátrica de xeito diario.

O Sergas iniciará en Outeiro de Rei un proxecto pioneiro que se concreta na dotación dunha enfermeira especialista en enfermaría pediátrica que estará dispoñible para as familias todos os días no seu centro de saúde realizando atención pediátrica como a supervisión periódica do neno san e complementando a atención prestada pola pediatra que se despraza a este centro un día á semana.

Na visita, conselleiro e alcalde avanzaron tamén no proceso de desenvolvemento da reforma do actual centro de saúde de Outeiro de Rei para ampliar a súa superficie en

máis de 300 metros cadrados e acoller o Punto de Atención Continuada actualmente situado nunhas instalacións separadas e con problemas estruturais e asistenciais.

Nese sentido, o Servizo Galego de Saúde enviou xa a técnicos de obras a supervisar o centro e as parcelas adxacentes acompañados de persoal do concello para avaliar as posibilidades de ampliación e a dispoñibilidade de parcelas para efectuala.

Mediante un protocolo de colaboración, o Concello cederá ao Sergas unha parcela adxacente e autorizará á administración autonómica a acometer as obras no inmovible, que é de titularidade municipal. Pola súa banda, a Xunta de Galicia asumirá os trámites de elaboración do proxecto e licitación e execución da obra e os custos derivados deste proceso.

## Anuncian en Tegestacín o despedimento de 40 traballadores

A CIG informa, con respecto á empresa Tegestacín, que vén de anunciar a súa intención de efectivizar o 70% dos despedimentos do seu persoal no marco do ERE.

Estes 40 despedimentos deberían realizarse de xeito inminente, restando preto de 20 traballadores para manter unha actividade mínima na factoría durante un breve prazo de tempo.

Asesuran dende o sindicato que “esta intención por fin ten substancia, algo que foi incapaz de concretar a empresa dentro do período de consultas que finalizou o 28 de xaneiro”.

“Malia o anterior dende a CIG seguimos a denunciar a manobra especulativa e os incumprimentos coa maioría do persoal afectado, pois a empresa acumula o retraso no pagamento dos salarios de Decembro, Xaneiro así como a liquidación que proceda. Contrariamente á situación da maioría do persoal, a empresa está a realizar o desmantelamento programado da factoría coa venda de materiais e asumindo pagos a provedores por anticipado para manter unha actividade que en ningún caso está a repercutirse nas obrigas co seu persoal”, explican dende a CIG.

## O BNG pide a conxelación de dietas mentres haxa facturas pendentes

O BNG de Outeiro de Rei fixo unha nova análise da situación económica do concello que afirma que “está a facerse dramática”. Explican que boa proba diso foi o crédito que se viu obrigado a pedir o pasado mes de decembro, “pois as débedas aos provedores xa eran insostibles e había servizos municipais básicos que perigaban, pois algúns xa se negaban a seguir subministrando produtos ou servizos ao concello de Outeiro mentres non saldase estas débedas”.

Engade o BNG que este crédito veu a sumarse aos outros dous, un como adianto de tesourería para adiantar os cortos que logo se ían cobrar polo impostos e outro para poder facer algún tipo de investimento neste ano 2022.

“Unha vez recibidos eses cartos, o concello procedeu a pagar todas esas facturas pendentes, ou cando menos unha boa parte delas. Así, o pasado 27 de xaneiro, aprobouse o pago de 1.091.728 de euros correspondentes a 2.520 facturas que estaban en lista de espera dende había meses”, din.

“Dende o BNG preguntámonos

que vai pasar a partires de agora, pois se se gastou todo ese crédito en pagar as facturas antigas, con que cartos se van pagar as deste anos?”, continuou o concelleiro do BNG.

Dende o BNG “nunha xestión prudente dos cartos da veciñanza e nesa liña” propoñen que non se repartan cartos en dietas, en gratificacións ou mesmamente na asignacións a grupos “mentres temos xente que necesita os cartos que se lles adebedan”.

Dese xeito, propoñense conxelar varios pagos mentres se deban facturas “por culpa do concello”, con máis de tres meses de antigüidade. Entre as que piden conxelar están:

Dietas por asistencia a organismos ou quilometraxe dos concelleiros ou concelleiras.

As asignacións que lles corresponden aos grupos políticos segundo a aprobado polo Pleno.

As gratificacións excepcionais, que non correspondan a un gasto directo, dos traballadores ou traballadoras do Concello que cobren máis do salario medio galego (aproximadamente 1.421 € brutos no ano 2020).

## O polígono de Matela acolle o primeiro Trofeo Trial Bici



Volve o trial bici a Galicia despois de máis de 6 anos e faino cunha competición, o Trofeo Trail Bici Outeiro de Rei, que terá lugar o domingo 6 de marzo neste municipio, entre as 10.00 e as 14.00 horas.

Por primeira vez na historia Lugo terá lugar unha proba de trial bici no polígono de Matela. A proba farase no parque de trial único tamén en Galicia ao exterior.

Esta proba está organizada entre o Trial Bici Coruña e Club Team Bike Outeiro de Rei.

Esta proba contará con inscrición gratuíta, avituallamento sólido e líquido e un obsequio para todos os participantes.

Se a meteoroloxía non acompaña trasladarase para a fin de semana seguinte.

As inscricións xa están abertas na páxina web da Federación Galega de Ciclismo.

## Inaugurada a Nave de Reciclaxe

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, subliñou a aposta do Concello de Outeiro de Rei pola reciclaxe e a economía circular a través da posta en marcha dun novo espazo municipal para a autorreparación e o intercambio de obxectos e utensilios, un proxecto financiado en case un 80% pola Xunta a través dunha achega de 30.000 euros.

Durante o acto de inauguración da nave —localizada no polígono industrial, cunha superficie útil de 60,26 m2 distribuídos nunha soa planta e altura suficiente para facilitar o acceso de vehículos— a conselleira, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde, José Pardo, recibiu unha explicación técnica sobre o funcionamento da instalación e os obxectivos que se perseguen coa súa posta en servizo.

Así, trátase dun espazo que permitirá recuperar utensilios depositados no punto limpo municipal, localizado ao carón da nave e con acceso directo



á mesma, ou aqueles obxectos que outras persoas acheguen á instalación de reciclaxe para intercambialos por outros do seu interese, xa sexan mobles, roupa, pequenos electrodomésticos ou xoguets. A tal fin, o novo espazo tamén está dotado de ferramentas básicas para poder realizar pequenos arranxos e tarefas de autorreparación no propio lugar.

Tras lembrar que o obxectivo do seu departamento ao apoiar aos concellos en proxectos deste tipo é contribuír a unha mellor e máis ampla xestión dos residuos de carácter especial, Ángeles Vázquez explicou

que, no caso concreto de Outeiro de Rei, o Goberno local beneficiouse da orde de axudas convocada en maio de 2020 para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal.

Así mesmo, lembrou que desde o ano 2015 Outeiro dispón dun punto limpo fixo para depositar obxectos, electrodomésticos e outro tipo de materiais que polas súas características particulares, deben ser depositados en instalacións como esta, en cuxa construción, segundo indicou, a Xunta investiu uns 275.000 euros.



guntín

## A casa da cultura é accesible para persoas con mobilidade reducida

A Casa da Cultura de Guntín xa é accesible para as persoas con mobilidade reducida. As instalacións veñen de ser reformadas e acondicionadas co apoio da Xunta. En concreto, as actuacións permitiron facer da Casa da Cultura un local accesible tamén para as persoas de mobilidade reducida, coa instalación dun ascensor, así como melloras nas escaleiras e reforma dos baños.

Desta forma estase a universalizar a cultura, fomentar que poida ser accesible para todos e tamén garantir que o rural teña as mesmas posibilidades. En total, o proxecto contou cun investimento de máis de 36.000 euros. O centro conta con salón de ac-



Casa da cultura de Guntín

tos e varios locais distribuídos en soto e dúas plantas e utilízase para acoller diversos actos culturais como cursos, clases a banda e a coral, iniciación a

música, obradoiro de emprego, ximnasia, charlas, conferencias... e tamén e usado como lugar de reunión polos veciños do municipio.

## O CPI Plurilingüe Tino Grandío, centro lucense do EduReferentes

O IES Monterroso e o CPI Plurilingüe Tino Grandío son os únicos centros lucenses do EduReferentes. Nesta iniciativa participan un total de 20 centros educativos. Trátase dun programa dirixido aos centros educativos públicos co que se busca dar a coñecer o papel de referentes femininas nas aulas e, deste xeito, contribuír a favorecer a igualdade desde idades temperás.

A iniciativa, impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración coa Asociación Executivas de Galicia, está dirixida ao alumnado das etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e de Formación Profesional

Básica, para que, a través de charlas e sesións de mentorización, teñan a oportunidade de coñecer novas referencias femininas no ámbito profesional e, deste xeito, que a mocidade dispoña de novas ferramentas para unha orientación vocacional libre de estereotipos de xénero.

O programa inclúe charlas e sesións prácticas nas que profesionais referentes galegas de éxito de diversos sectores se achegarán ás aulas para dar a coñecer a súa experiencia a través de encontros e mentorías individualizadas para potenciar as habilidades persoais dos alumnos. Trátase de sesións de 50 minutos onde o alumnado terá a oportuni-

dade de traballar diferentes habilidades sociais e de comunicación baixo a supervisión destas mulleres referentes.

**ACOMPAÑAMENTO.** No caso das mentorías individualizadas, os centros educativos participantes farán unha selección de cinco alumnos para ser acompañados por unha profesional referente no seu ámbito. A persoa mentora compartirá a súa experiencia e coñecemento ao longo de cinco sesións individualizadas, apoiando o alumnado nas súas fortalezas, habilidades e intereses. As charlas terán lugar ao longo do segundo trimestre.

## O Mitma adxudicou as obras de rehabilitación do firme da travesía

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) adxudicou as obras de rehabilitación estrutural do firme da travesía de Guntín, entre os km 17,260 e 18,420 da estrada N-540, que vai de Lugo a Ourense, paralela á autovía A-54, na provincia de Lugo. O importe de adxudicación ascende a 208.211 euros. Os traballos centraranse funda-

mentalmente na eliminación parcial e a reposición das capas do firme, nun espesor variable en función das deterioracións observadas en cada tramo, de calzada, beiravías e zonas de aparcamento, incluíndo a reposición da sinalización horizontal mediante o repintado de marcas viarias existentes. Deste xeito, mellorarase a seguridade viaria e a comodidade

dos usuarios da N-540.

Esta actuación inclúese no programa de conservación e mantemento da Rede de Estradas do Estado, a través do cal se investiron máis de 80 millóns de euros desde xuño de 2018 na provincia de Lugo, e que xera un impulso significativo para mellorar a calidade de servizo da infraestrutura viaria estatal existente.

castroverde

## Castroverde estreará un mural polo 8M

O Concello de Castroverde estreará mural o 8M, Día Internacional da Muller. Dende o goberno local buscan renderlle homenaxe a unha muller loitadora e avanzada á súa época, Hipatia de Alexandría, matemática, filósofa, astrónoma... que foi brutalmente asasinada de forma inxusta.

O mural está a ser realizado por Diego As. A obra do artista en Lugo foi nomeada a mellor do ano 2021 pola Street Art Cities que é unha plataforma global cuxa misión é promover e documentar o arte urbano no mundo.

A iniciativa do CPI Plurilingüe de Castroverde será inaugurada o vindeiro 8 de marzo e contará coa presenza dos alumnos e profesores do centro educativo, do artista Diego As e das autoridades do Concello de Castroverde.

Hipatia foi unha filósofa e mestra neoplatónica grega, natural de



Egipto que destacou nos campos das matemáticas e a astronomía, membro e cabeza da Escola neoplatónica de Alexandría a comezos do século V.

Hipatia foi asasinada linchada por unha turba de cristiáns. A motivación dos asasinados e a súa vinculación coa autoridade eclesiástica, foi obxecto de moitos debates.

## PP e BNG acusan a existencia de irregularidades no SAF

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para o benestar de moitos veciños do municipio. Dende o PP e o BNG mostran a súa preocupación dadas as irregularidades que están a sufrir os veciños beneficiarios desta prestación.

O PP denuncia que "a deficiente xestión do goberno local, presidido polo socialista José María Arias, fixo que o cambio, o relevo, da empresa que o desempeña non se levara a cabo coa precisión necesaria, de tal maneira que hai usuarios que levan varios días sen recibir esta prestación", segundo pon de manifesto o portavoz popular, Rubén Otero, que pide explicacións ao alcalde.

"O Partido Popular, coñecedor dos problemas que se dan ao fío do cambio de empresa que atende o SAF, esixe ao alcalde que adopte de inmediato as medidas necesarias para resolver o problema", sinala Otero. O portavoz popular di que "segundo se recolle nun medio de comunicación, o alcalde admitiu que non tiña información sobre as deficiencias que están a afectar o servizo e polo tanto aos seus usuarios; é incompreensible que o alcalde non teña coñecemento dende o minuto cero dos problemas que se dan nos servizos municipais".

Rubén Otero sinala: "Os veciños de Castroverde teñen no PP unha vía para canalizar as queixas e reclama-



cións que teñan con respecto á administración municipal, tanto neste caso como en calquera outro". Explica que "os populares xa presentamos ao pleno numerosas iniciativas en relación co SAF, para intentar que foran remediadas as carencias que presentaba".

O mesmo representante do PP di que "unha vez máis queda de manifesto o escurantismo co que opera o goberno municipal de Castroverde; se hai problemas, e máis se se trata dun servizo da importancia que ten o SAF, hai que informar debidamente aos interesados e aclarar como se van resolver e cando".

Por outra banda, a concelleira do BNG fixo fincapé en que "o goberno municipal debe actuar de forma urxente nun servizo tan necesario como son os coidados das persoas maiores".

## Portomarín súmase aos Concellos Emprendedores

Un total de 23 municipios da provincia xa son Concellos Emprendedores tras a adhesión de Portomarín. Con esta distinción súmase ao obxectivo de poñer facilidades ao investimento empresarial para impulsar a reactivación económica e, polo tanto, ofrecer máis axilidade na tramitación administrativa, no acceso ao solo industrial e maiores incentivos fiscais. Os Concellos Emprendedores comprométese a ofrecer ás empresas que mostren interese por instalarse nas súas localidades máis incentivos fiscais, maiores facilidades para acceder ao solo empresarial e unha simplificación na tramitación administrativa. Os maiores incentivos fiscais por parte dos concellos para favorecer a chegada de novas empresas suporán unha bonificación de ata o 95% no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes. Deste xeito, a colaboración entre as administracións públicas permite avanzar cara a unha Galicia máis competitiva.

## A Casa do Maior organiza actividades ocupacionais

A Casa do Maior ofrece actividades ocupacionais aos veciños que visitan cada día este centro. A casa do maior é un recurso dirixido a persoas maiores de 65 anos de idade con autonomía, e persoas dependentes de grao I e II. O seu obxecto é que as persoas usuarias se encontren nun espazo onde as súas necesidades sexan cubertas por un profesional sociosanitario. Un espazo inclusivo e integrador. Este tipo de servizos son fundamentais para garantir un envellecemento digno e acorde ás necesidades de cada persoa. As casas do maior son lugares onde os veciños poden reunirse, crear veciñanza, facer actividades e estar en compañía nun entorno rural. Pequenos centros de día que permiten que os municipios que non contan con este tipo de servizo poidan ofrecer terapias e actividades aos maiores dentro da súa contorna.



Ademais, favorece a permanencia das persoas na súa contorna e evita a institucionalización. Un dos recursos que supoñen un beneficio para os veciños sen custe ningún xa que está subvencionado pola Xunta de Galicia. Para facilitar o acceso ao centro consta de servizo de transporte e comedor. Para obter máis información sobre a Casa do Maior de Portomarín deberás poñerte en contacto cos Servizos Sociais Municipais.

## O BNG denuncia a situación irregular da comunidade de montes de Vilaxuste

O BNG reclamou á Xunta no Parlamento galego que tome medidas para corrixir o “funcionamento irregular” da comunidade de montes de Vilaxuste, no concello de Portomarín, que, segundo denunciou a deputada nacionalista Carme Aira, está incumprindo a normativa vixente e xerando numerosos conflitos entre as persoas comuneiras sen que o Goberno galego, “que está perfectamente informado”, interveña como garante que é do seu correcto funcionamento segundo a Lei de montes veciñais en man común. Así, Aira explicou que esta comunidade, que conta cunhas 465 hectáreas de montes comunais das que 350 están asignadas en dereitos agrarios e forestais, está integrada por 34 comuneiros e comuneiras, dos cales unha decena dedícanse á gandería mentres que das outras, unha parte non vive na parroquia, “o cal se manifesta como unha clara anomalía xa que non cumprirían a condición necesaria para ser comuneiras”.

De igual xeito, advertiu que a lei marca unha rotación de 11 anos de uso, algo que nunca se produciu, xa que a práctica da comunidade é a partición do monte en parcelas individuais dende os anos 80 que permaneceron con parcelas forestadas ou dedicadas á actividade agropecuaria de modo continuado. “Na práctica, na súa parcela cada quen fai o que lle peta e nunca se perde o vínculo cun determinado lugar do monte”, explicou, para a continuación subliñar que esta falta de cumprimento da normativa provoca “innumerables conflitos” sen que a Xunta interveña. Neste sentido, indicou a existencia de conflitos derivados da falta de transparencia da xunta directiva, “que tomou decisións á marxe da asemblea da comunidade de montes, relativos á decisión de practicar talas sen ter a acta que avalara acordo para a solicitude deste permiso de corta e que derivou nunha denuncia presentada por parte de comuneiros, ao non ser tratado o asunto en asemblea”.

## Realizan obras para mellorar a seguridade viaria na estrada LU-633 ao seu paso por Gonzar



Actuacións en Gonzar

Estanse a realizar traballos de reforzo da seguridade viaria na estrada LU-633 ao seu paso por Gonzar, no concello de Portomarín, no treito coincidente co Camiño Francés, co fin de favorecer o tránsito seguro dos peregrinos. Os traballos que está a levar a cabo a Xunta consisten na instalación dunha varanda que separa a senda existente da vía autonómica, no punto quilométrico 70+790. Co obxectivo de reforzar a seguridade no cruce do Camiño Francés coa estrada LU-633, mediante a colocación dunha varanda peonil. Tamén se mellorará o firme neste

treito, pintaranse bandas transversais de alerta nos dous sentidos de circulación e disporanse balizas nas beiravías, preto do cruce e no centro da vía para minorar a velocidade dos vehículos. Estas obras súmanse ás intervencións que se están a desenvolver desde o pasado mes de xullo nas vías autonómicas coincidentes coas distintas rutas do Camiño de Santiago, co obxectivo último de protexer os peregrinos, que son usuarios vulnerables das estradas. Na provincia de Lugo inclúense actuacións en 16 municipios dos Camiños Francés, de Inverno, Norte e Primitivo.

## O Pleno municipal aproba un orzamento de 2,7 millóns de euros

O Pleno de Pol aprobou na última sesión o seu orzamento para o ano 2022, que ascende a 2.789.736 euros. No desglose de capítulos, o Concello destinará do total 1.668.976 a gastos correntes mentres que 1.066.331 irán para investimentos reais, é dicir, obras que se financiarán directamente dende o Concello. No capítulo de gastos destacan os 1.080.595 euros que se destinan a gastos correntes en bens e servizos e os 121.900 a transferencias correntes. Por outra banda tamén contan con 458.000 euros para o pago de gastos de persoal. No capítulo de ingresos, a contía principal vén dos correntes, con 1.955.339, dos que 887.939 son de transferencias correntes, 560.400 euros de taxas e prezos públicos e 439.000 de impostos directos. Ademais, desglosa un apartado de 834.441 euros de

transferencias de capital. Trala súa aprobación, o Concello de Pol mantén en exposición pública o documento durante quince días antes da súa aprobación final. As contas poden consultarse nas oficinas municipais durante quince días.

**ESTRADA EN SUEGOS.** O Concello someteu a información pública o expediente de expropiación forzosa do proxecto de mellora da estrada local de Cima de Vila á Capela das Neves, en Suegos. Mediante acordo plenario de data 12 de novembro de 2021, a Corporación de Pol aprobou este proxecto que foi recollido no BOP do 5 de febreiro. Polo tanto, queda sometido a información pública a efectos de que, polos posibles interesados, poidan presentar alegacións ao devandito expediente polo prazo de vinte días hábiles.

## Convocada para o 16 de abril de novo a Ruta Trotamontes



Os club Trotamontes de Pol recupera a súa cita anual coa celebración da XIII ruta o 16 de abril arrancando desde Mosteiro, unha cita que anteriormente reunía arredor de 150 participantes. A chegada de participantes está prevista ás 8.00 e as 9.00 horas dará saída diante do Concello de Pol, en Mosteiro. A partir de aí, realizarase a ruta que discorrerá por camiños e pistas forestais deste Concello de outros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan so para facer cruces ou como enlace entre tramos. Para máis información pódese chamar ao teléfono 636 728 460 e 676 227 587. As inscricións pode facerse a través de facebook ou no email trotamontespol1@gmail.com

## O Concello rehabilitará cunha subvención a muralla exterior

O Goberno local de Castro de Rei, levará a cabo o acondicionamento e rehabilitación da muralla exterior da localidade dentro do proxecto de actuación que se enmarca nas axudas que o IGVS concede aos concellos que recibiron o título de ARI (Área de Rehabilitación Integral).

Estas axudas complementan ás que concede a Xunta tamén para os particulares para o proceso de rehabilitación destes centros históricos.

O investimento neste proxecto é de 61.000 euros, ive incluído. E o obxectivo da actuación é a limpeza da muralla, a reposición nalgunhas zonas onde faltan as pedras ou estas están castigadas pola erosión, así como enfincar o interior da muralla se Patrimonio ou autoriza.

A actuación comprende un total de 450 metros lineais que com-



prenderían a parte exterior máis a concurrencia coa rúa Aquilino Iglesias Alvaríño, así como accesos, escaleiras, entradas e saídas dende a circunvalación de Castro ata a praza da igrexa.

“Tomamos a decisión de comezar por esta actuación xa que, despois do escudo do castelo, é o máis destacado. O escudo xa o recuperamos

hai tempo e lle fixemos un monolito na praza da Igrexa e a seguinte actuación lóxica pola nosa parte era a muralla”, explica o alcalde.

Con esta axuda, a intención é comezar o antes posible para que se finalice neste ano ou no que vén. “Temos a obriga de consolidar este vestixio histórico artístico e asegurarlle a súa conservación”, di Balado.

## Declaran iniciativa prioritaria a futura planta de biogás

A Xunta de Galicia vén de declarar como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto para impulsar unha nova planta de biogás para a obtención de biometano líquido no concello lucense de Castro de Rei. Trátase dunha actuación na que a compañía prevé investir 22,5 millóns de euros, contribuíndo deste xeito á creación de riqueza e á consolidación de emprego de calidade no rural.

Neste sentido, a iniciativa pretende utilizar os residuos orgánicos producidos no sector agrogandeiro e agroalimentario galego como materias primas para obter biometano líquido a través dun proceso de separación crioxénica do biogás producido. Unha parte do biogás xerado empregaráse para cubrir o autoconsumo da planta e parte do biometano líquido para abastecer a frota de transporte da empresa e dos seus provedores.

Trátase, polo tanto, dun proxecto de

economía circular que reduciría a extracción de materias primas, aproveitando residuos orgánicos para a obtención de biocombustibles que, á vez, reducen o uso de combustibles fósiles.

O proxecto inclúe a posibilidade de crear de ao redor de 75 postos de traballo entre directos e indirectos na comarca por parte deste grupo empresarial que conta co selo de Peme innovadora outorgado pola Administración central e que presta servizo a máis de 200 empresas, concellos e institucións, así como a agricultores e gandeiros.

Esta declaración de iniciativa empresarial prioritaria enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento.

## Margarita Ledo, premio de Honra nos Mestre Mateo

A xornalista, directora, poeta e catrónica Margarita Ledo, natural de Castro de Rei, recibirá o premio de honra Fernando Rey na XX edición dos Mestre Mateo, que se celebrarán o 19 de marzo no Teatro Colón da Coruña.

O presidente da Academia Galega de Audiovisual, Álvaro Pérez, explicou que Ledo recibirá o premio de honra por ser unha “figura de referencia no eixo da cultura” polo seu traballo como xornalista, directora, poeta e escritora.

Ademais, atópase tamén o seu labor en impulsar a creación da sala de cinema independente Numax en

Santiago, do grupo de estudos audiovisuais e a facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

Por último, Pérez resaltou o seu traballo en “recuperar voces e historias” da historia recente de Galicia desde “unha posición independente e reivindicativa”, así como o seu compromiso co feminismo e o galego. O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, foi o encargado de dar a coñecer o nome da honoraria, cualificándoa como “tremendamente merecente” do premio.

Ademais, expresou que a Academia acertou “co nome” e que o anuncio será “ben recibido” polo sector.

## O PSOE avanza investimentos da Deputación en Triabá e Ludrio

O voceiro socialista de Castro de Rei, José Luis Castro Tellado, avanzou que a Deputación de Lugo, que preside José Tomé Roca, aprobou na pasada Xunta de Goberno aplicar remanentes do Plan Único 2021 para novas actuacións no Concello. “Concretamente investiranse 43.287,81 euros para a pavimentación e rexeñeración de accesos en Triabá e Ludrio”, sinala.

O voceiro explicou que nas pasadas anualidades, a través do Plan Único da Deputación, “percibimos nos

últimos 3 anos un investimento de 1.113.369 euros, aos que sumar os 395.470 euros deste ano 2022, e que deben adicarse a obras e servizos de competencia municipal. Polo tanto estamos diante dun investimento económico para a veciñanza de Castro de Rei da Deputación de Lugo dun total de 1.508.839 euros, estas son as contas reais”, afirma Castro.

“A veciñanza de Triabá e Ludrio agora poderá ver mellorado os accesos aos seus núcleos”, explica.

## Adxudicadas as obras das beirarrúas e da segunda fase do abastecemento de auga



Obras das beirarrúas en Castro de Rei

A Xunta adxudicou por preto de 375.000 euros as obras de renovación integral de beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea.

Esta actuación permitirá actuar na travesía da estrada autonómica LU-113, en preto dun quilómetro de lonxitude: desde o centro, á altura da praza de Galicia, ata a saída do núcleo urbano en sentido Abadín. Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses e teñen por obxectivo mellorar a seguridade para os peóns, especialmente nos puntos que presenten dificultade de paso para as persoas con mobilidade reducida ou carros de bebé, entre outros supostos.

Máis en detalle, as obras realizáranse na travesía da LU-113, entre os puntos quilométricos 5+070 e 6, onde o tránsito peonil en ambas as marxes da travesía é moi intenso

porque acolle numerosos servizos, comercios e dotacións.

Tamén se adxudicaron as obras da segunda fase da mellora da rede de abastecemento de auga a Castro de Rei, que contan cun prazo de execución de 6 meses.

Esta nova actuación dará continuidade á primeira fase que se centrou na construción de dous tramos de tubaxe de abastecemento de fundición no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e nas inmediacións do termo municipal.

A 2ª fase das obras, que veñen de adxudicarse, complementarán esta primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de condución que se vai desenvolver na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial.

## Organizan dous obradoiros para persoas coidadoras



O Concello acollerá este mes dous obradoiros dirixidos principalmente ás persoas coidadoras. O obxectivo do mesmo é formar os coidadores e familiares en habilidades que lles axuden a mellorar a calidade dos coidados que proporcionan así como o uso de técnicas que lles faciliten o labor.

As sesións terán lugar o día 23 de marzo, mércores, en Castro de Rei, no local encima de Correos, na praza Maior, entre as 16.30 e as 20.30 horas. Ademais, o 28 seguinte, luns terá lugar a mesma sesión e á mesma hora pero en Castro Ribeiras de Lea, na casa da cultura.

As formacións estarán ao cargo da Escola Galega de Saúde. E a inscrición a estes obradoiros, que serán de balde, pode facerse a través da web deste colectivo indicando nome, apelidos, enderezo, teléfono, DNI e lugar onde o vai realizar.

# DEPORTES

## Chegou o gran día do Breogán

O equipo apéase da Copa do Rei en Granada ao caer ante o Real Madrid

Por Adrián Fernández

Por fin chegou o día que estabamos agardando, o premio de disputala Copa do Rei e desfrutar da festa dos baloncesto español.

Pero antes, aínda tiñamos que xogar un partido máis importante na casa contra o Valencia Basket, despois de todo, o obxectivo segue sendo a permanencia. E semella que o equipo segue cos pés na terra porque afrontaron o encontro con moita intensidade sabedores da importancia que teñen os partidos no Pazo e máis despois de perder en Sevilla fronte ao Betis. Ao final, vitoria por 99-82 no que Musa volveu sobresaír demostrando que lle ten collida a medida a ese equipo, 64 puntos e 91 de valoración nos dous encontros xogados contra Valencia.

Agora si, todos xa centrados no seguinte desafío pois era un premio e unha festa pero había que competir, non debíamos esquecer que ninguén nos regalou nada e acadamos a clasificación por méritos propios, e aínda que xogásemos co Real Madrid teríamos as nosas opcións.

Chegou o esperado día, moitos breoganistas apoiando ao equipo, alí en Granada a afección tinguía de azul escuro os arredores do pavillón xa cedo para recibilos xogadores, e en Lugo os bares cheos de reservas diante da pantalla, nais e pais, fillas e fillos, familias enteiros agardando polo partido, daba igual que fose xoves e ás 21.30 da noite, a ocasión merecía.

Comezaba o encontro mal para os nosos, tal vez os nervios e gran defensa do Real Madrid sobre Musa fixo que colleran vantaxe no marcador, 27-16 no primeiro cuarto grazas a Yabusele no ataque e á defensa de Tavares, non cambiarían as cousas no segundo tempo, o plan do Madrid seguía a funcionar e mantería a diferenza arredor aos dez puntos toda a primeira parte, 41-31 no descanso. De volta na cancha o equipo non era quen de meterse no partido, só Mahalbasic atopaba aro con certa facilidade pero non lograbamos xogar ao noso e a marxe aumentaba ata os 15 puntos, pero a falta de dous minutos para o final do terceiro cuarto un parcial de 1-9

a favor, deixaba o electrónico en 57-50; isto é o que ten o Breogán este ano, amarrase ós partidos e non da nunca nada por perdido. Era xusto o que necesitaba o equipo e no mellor momento, o Real Madrid estaba atascado e nun encontro duro fisicamente chegábase ao minuto 36 só dous abaixo, por desgraza e pese a ter varias opcións para poñernos por diante non fomos quen de logralo e un par de decisións arbitrais dúbidas condenáronos á derrota 73-67. Non puido ser pero competiuse e se deixou unha boa imaxe, a dun equipo capaz de gañarlle a calquera que non se rinde nunca, algo que fai que a afección sintase orgullosa.

Aínda quedaba Copa e representación breoganista xa que Maximus tiña a súa participación, non só foi para animar ao público, con reconciliación incluída coa afección do UCAM Murcia, se non que gañou o concurso e trouxo a vitoria para Lugo no baile de mascotas, noraboa.

Rematada a Copa toca volver ao traballo e centrarse na Liga que é



Imaxes do partido da Copa de Rei contra o Real Madrid

o que verdadeiramente importa, aproveitar o parón polas seleccións nacionais para recuperar folgos e preparar un mes de marzo duro con moitos encontros decisivos, eso si, terán que facelo sen Musa que vai con Bosnia, Bell-Haynes

con Canadá e Sakho co Congo. O seguinte obxectivo está preto que é a salvación matemática, se seguimos fortes na casa poderemos conseguilo máis cedo que tarde e por qué non pensar noutras metas máis grandes.

## Vicepresidencia abre o prazo para solicitar as axudas para entidades deportivas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases das convocatorias de axudas de concorrencia competitiva a asociacións culturais e a clubs e entidades deportivas, coas que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo achegará ao tecido asociativo 700.000 euros.

A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, detallou as contías e obxectivos das convocatorias, que nos vindeiros días se publicarán no Boletín Oficial da Provincia para que as entidades poidan tramitar as solicitudes correspondentes.

No tocante á convocatoria para clubs e entidades deportivas, o investimento da Vicepresidencia da Deputación será de 500.000 euros. Establécense dúas liñas de axuda: unha destinada a sufragar gastos da actividade competitiva, cun importe que oscila entre os 300 e os 5.000 euros, con 470.000 euros, e outra dirixida á organización de eventos, con

achegas entre os 300 e os 2.000 euros.

Na concesión, valóranse criterios como o número de deportistas e/ou equipos, ao rendemento deportivo ou a traxectoria do club, e tamén se formulan baremos ligados a promoción do deporte feminino e a participación de persoas con capacidades diferentes. Así mesmo, primáanse aos clubs con sede en concellos con menos de dous mil habitantes.

Maite Ferreiro sinalou que “estas subvencións son un recurso fundamental para clubs de base e afeccionados de todas as comarcas, xa que con elas financian gastos derivados de fichas, material deportivo ou transporte facilitando que rapaces e rapazas poidan practicar diferentes modalidades que se benefician nenas e nenos/rapazas e rapaces de todas as modalidades deportivas”. O ano pasado recibiron estas axudas uns 200 clubs de base e afeccionados das distintas comarcas.

## Aberta a inscrición para a carreira Pretorian Race

Aberto o prazo para a Pretorian Race de Lugo, un evento deportivo que consiste no desafío dos seus participantes na realización dunha carreira de obstáculos organizada pola Asociación Pretorianos Club. Dita proba terá lugar o vindeiro 14 de maio nos arredores do paseo do río Miño.

Esta proba deportiva é para todos os públicos a partir dos 18 anos, aínda que poden participar menores con autorización dos pais.

Poderase participar en diferentes categorías. A Élite está dirixida a corredores altamente experimentados neste tipo de competicións Élite pretorian para corredores experimentados. Grupos de idade é a categoría na que os deportistas competirán con participantes da súa franxa de idade. Popular para corredores que practican deporte con frecuencia e Equipos, estarán formados por un mínimo de catro corredores. Ademais, da marca en equipo, terán unha marca persoal que lles permitirá competir á súa



vez a nivel individual. Para que un equipo poida clasificar terán que entrar polo menos, catro dos seus integrantes na meta e será o tempo do cuarto corredor o que marque o tempo do equipo.

A carreira disputarase mediante un sistema de quendas, cada quenda terá un máximo de 100 corredores.

O percorrido terá entre 6 e 8 quilómetros e entre 27 e 32 obstáculos.

## A atleta Xela Martínez bateu o récord nacional nos 3.000 metros

A atleta lucense Xela Martínez bateu récords a nivel nacional e persoal. A proba de 3.000 metros foi encargada de outorgarlle o mérito á adolescente que ten 16 anos recen cumpridos.

O pasado fin de semana celebrouse o Campionato de España absoluto de pista cuberta en Ourense. Nesta competición Xela Martínez conseguiu un tempo de 9:14.96 mellorando así a súa marca persoal en 15 segundos, batendo a marca de España sub 20, sub18 e establecendo a terceira mellor marca europea de tódolos tempos sendo menor de 18 anos.

A lucense aproveitou a oportunidade de clasificarse por tempos xa que por posicións vía máis complicado. Desta forma, nas dúas primeiras voltas saíu tirando animada polos seus compañeiros do Atlético Lucense nas gradas. Mantivo o seu ritmo durante a carreira obtendo así a clasificación e a súa mellor marca, batendo récords.

Na carreira final, Xela acadou o posto número 12 cun tempo de 9:44.67.

# “O que máis nos ilusionou foi que o 99% dos xogadores volveron”

O Club Polideportivo Casás, unha entidade con máis de 35 anos de historia

## Como naceu o club?

O club naceu coa creación do colexio do Casás na zona da Abella. Naquel momento o director que era Javier Pérez comezou co deporte e, curiosamente, eu que era moi novo, rondaba os 18 anos, empecei con el. De aí naceu o principio deste club deportivo. Practicábase deporte escolar, principalmente o balonmán e o futbito que hoxe coñecemos como fútbol sala.

## Como chegou a dirixir o CP Casás?

Eu xa estivera no Casás fai case 40 anos e cando se fundou o colexio eu comecei dando clase de ximnasia e ao mesmo tempo co deporte tanto de futbito como balonmán. Tras un tempo, por circunstancias da vida deixei e estiven ligado noutros sitios ao deporte sempre, sobre todo na practica de balonmán e, cando a miña filla maior comezou o colexio matriculeina ao Casás. Eu seguía vinculado ao balonmán o director seguía sendo Javier aínda que o Club deportivo levabao Mari Carmen Castro, Muchi. Ao achegarme de novo ao Casás volví a involucrarme, comecei a adestrar a equipos e cando Muchi decidiu deixar a dirección do club no que levaba 12-15 anos, acabei como presidente.

## Canto tempo leva de presidente?

Vou camiño de 12 anos. Xa na anterior etapa dende que a miña filla se matriculou no centro xa estaba ligado ao club tanto adestrando como naxunta directiva.

## Onde naceu a súa vinculación co deporte?

A vinculación veu dende moi novo, primeiro como xogador e posteriormente como adestrador. Comecei practicando balonmán no colexio dos Maristas onde despois fun adestrador durante moitos anos. Nunha primeira etapa adestrei a Maristas e Casás e despois abandonei o Casás e dediqueime durante case 20 anos aos Maristas. Podería dicirse que levo toda a vida no deporte.

## Por que non ofrece balonmán o Casás?

Unha vez que deixei o Casás centráronse máis no fútbol e o atletismo

deixando de adicarse ao balonmán. Fai uns anos, este deporte estaba un pouco abandonado na cidade, recuperouno moi ben o grupo deportivo lucense e grazas a eles volve a haber actividade, pero si que é certo que fai 8 anos o balonmán desaparecera de Lugo.

## Como sobrevive un club destas características?

Con moito traballo, paixón e ganas. O club conta cunha xunta directiva que traballa moito. Estou moi orgulloso deles, agora mesmo co crecemento que tivo o Casás nos últimos anos sería imposible levar o club.

## Que deportes ofrece?

Agora mesmo estamos centrados no fútbol, fútbol sala e de novo o atletismo. O atletismo sempre existiu no Casás, deixouse de facer durante unhas tempadas e grazas a dúas persoas como Julio, que leva toda a vida no club como xogador, que foi un atleta moi importante a nivel nacional ao igual que Celia (ambos na xunta directiva) propuxeron volver a crear a sección de atletismo e levámolo adiante con gran acollida por parte dos rapaces. En tan só un ano de vida, xa que se creou na tempada pasada en plena pandemia, conta xa con de 25-30 nenos.

## Para que idades son as actividades?

Desde os 5 anos ata o equipo senior que está en autonómica de fútbol sala. No senior os máis veteranos superan os 30 anos de idade.

## En fútbol sala están moi fortes. Como se presenta esta tempada?

A verdade é que esta tempada é moi ilusionante. Vamos intentar manter todos os equipos que temos en galega. Na actualidade contamos co equipo alevín, infantil cadete e senior nesta categoría e, aínda que sabemos que será complicado nalgúns casos, xa que existen ata 6 postos de descenso intentaremos non descender. Ao mesmo tempo, estamos intentando que o xuvenil recupere a categoría galega. Polo de agora estamos ben encamiñados xa que no que vai de tempada, ocupa a primeira posición no grupo de Lugo e Coruña, esperamos que haxa sorte

de aquí ao final xa que tan só hai un ascenso.

## Cales son os obxectivos a conseguir este ano?

O noso obxectivo principal é que os nenos da zona practiquen deporte, disfruten e o pasen ben coñecendo os valores base do deporte e da vida saudable.

## Cales son os valores fundamentais que se intentan inculcar no club?

O fundamental é o compañeirismo, que comprendan que o deporte non solo é gañar senón que ten outros moitos valores fundamentais para a vida social. Ademais a zona na que nos atopamos é de gran diversidade, dámoslle moita importancia á igualdade favorecendo que todos os nenos poidan practicar o deporte fomentando a integración.

## Que principios moven aos deportistas?

Hoxe por hoxe o deporte encántalles, aos nenos gústalles estar cos seus compañeiros e practicar deporte. Normalmente un neno trae a outro. Entre eles falan, coñécense, xogan e practican deporte xuntos.

## Cal é o maior logro do club?

Logros conseguíronse moitos ao longo de toda a vida deportiva do club, comezando fai 40 anos co futbito cando o Casás foi o primeiro equipo lucense en conseguir o Liceo La Paz de futbito que aínda se celebra na actualidade e se segue a chamar futbito, non se lle chama fútbol sala. A nivel galego multitude de títulos en todas as categorías de fútbol sala. O equipo senior estivo militando en terceira división nacional. Noutros deportes, en balonmán no seu comezo conseguiu títulos. En baloncesto, no que destacou o equipo feminino, conseguiu ser campión provincial nun deporte tan arraigado como é o baloncesto. En atletismo conseguimos títulos importantísimos, tivemos atletas que acadaron récords galegos e atletas que formando parte da selección galega conseguiu campións de España. Ao mesmo tempo, o equipo xuvenil de fútbol sala proclamouse campión galego



Adolfo Somoza, presidente do CP Casás

representando a Galicia no campionato de España celebrado en Elche.

## Cal é o maior desafío ao que se enfrontou o club?

Creo que desafíos hai todos os días, pero un dos maiores pode que fora o cambio de presidente cando Muchi decidiu deixar o club. Por outra banda, no día a día aparecen diferentes dificultades que se superan coas ganas e a ilusión de cada un dos integrantes do club e da xunta directiva. Mentres existan persoas arredor do club ilusionadas co proxecto será máis doado afrontar cada unha das complicacións que se presenten. O día que se acaben as ganas e a ilusión os desafíos serán importantes.

## Como está a afrontar a situación que xera a covid 19? En que afectou?

A verdade é que afectou bastante. Casás foi dos primeiros clubs en tomar medidas. Decidimos rapidamente que os nenos non competirán e deixaran de adestrar co fin de acoller unha responsabilidade coa saúde social. Asemade, fomos dos últimos clubs en retomar a actividade deportiva co obxectivo de garantir unha actividade segura. O que máis nos ilusionou na volta foi que o 99% dos xogadores volveron ao club dándonos un impulso de seguir coa actividade e dar o mellor de nós a pesar das dificultades que presenta a pandemia.

## Cantos deportistas teñen?

Aproximadamente entre 225e 250.

## Que actividades realiza a maiores dos adestramentos e competicións?

A maiores dos adestramentos e competicións realizamos diferentes actividades. Destacan as conferencias dos árbitros lucenses. Esta iniciativa ten como fin concienciar aos rapaces sobre o labor dos árbitros, inculcando o respecto a súa persoa e ao seu traballo. Tamén participamos durante moitos anos no Arde Lvcvs, en actividades durante o día da muller, o día da violencia de xénero, etc. A pandemia parou un pouco este tipo de actos pero en todo o que podíamos participabamos. Fai uns anos, o equipo de Casás deu conferencias moi importantes, con adestradores de gran relevancia e estamos sempre abertos a retomar todo iso, sobre todo agora que se esta recuperando a normalidade.

## Teñen previsto incluír a curto prazo máis deportes?

Estamos abertos ás demandas da poboación, se solicitan unha nova modalidade, estudiarase o proxecto e se é posible levarase a cabo. Isto foi o que pasou co atletismo, fai dous anos que retomamos esta actividade grazas a que había xente ilusionada con esta nova sección. Se mañá aparece alguén interesado noutro deporte escoitaremos as propostas e realizaremos aquelas que estean dentro das nosas capacidades.

# PASATEMPOS

Fácil

	2		5			7		
		4	6					
3	6	7				9		4
6			8	5			7	
							8	5
	5					3		4
7		5	3	6	4			2
							8	6
		6	2	9	8			

Difícil

			5	7		2		8
	7					9		1
	3	4		9	2			6
					9			
6	4			8				
		3				6		
		5	2					7
					7	4	5	
4	9		6	5	3	8		

## SOLUCIÓNS

7	8	4	5	6	2	3	9	1
3	6	7				9		4
6			8	5			7	
							8	5
	5					3		4
7		5	3	6	4			2
							8	6
		6	2	9	8			

Fácil

			5	7		2		8
	7					9		1
	3	4		9	2			6
					9			
6	4			8				
		3				6		
		5	2					7
					7	4	5	
4	9		6	5	3	8		

Difícil

Consulta os eventos en:  
[www.lugoxa.com](http://www.lugoxa.com)

# LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario,  
non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@lugoxa.com

## “A acollida do concepto novidoso de fisioterapia foi moi boa”

### Manuel Uriz abriu un centro que unifica fisioterapia, adestramentos e nutrición

Activa3 é un centro multidisciplinar que abriu recentemente na nosa cidade co fin de unificar fisioterapia, adestramentos e nutrición. A actividade xira en torno a figura do exercicio terapéutico que é o exercicio enfocado á prevención de lesións ou doenzas, recuperación das mesmas e mellorar o estado físico xeral. Tratar as persoas segundo as súas necesidades.

**Este centro é novo na cidade como xurdiu a idea?**

A idea xurdiu despois de moitos anos traballando na Coruña nun centro do estilo, a cousa marchaba moi ben a final decidín volver a Lugo, a miña cidade natal. Tendo como referencia a boa experiencia da Coruña pensei que sería unha boa oportunidade en Lugo tamén.

**Que acollida está a ter?**

A verdade é que eu tiña bastantes expectativas e se están incluso superando no tempo que levamos. A acollida foi moi boa, sobre todo no concepto novidoso que implantamos nos tratamentos de fisioterapia. A xente está acostumada a que a fisioterapia sexa pasiva e agora está máis que demostrado que as terapias activas teñen moita máis eficiencia que as pasivas, sobre todo, a longo e medio prazo e, aínda que é verdade que a terapia pasiva en ocasións é necesaria e está moi ben, é un remedio a curto prazo. Nós traballamos no xerme do problema intentando arranxalo. A xente é reticente a ser o axente do cambio e nós tratamos de implicar máis ao paciente na súa recuperación.

**Cal é a novidade nesta terapia fisioterapéutica?**

Nós partimos dunha valoración inicial moi completa onde se ve e se analizan debilidades, restricións de movemento e problemas que son a base que xerar unha dor que é o síntoma. A idea non é tanto tratar o síntoma, aínda que é verdade que hai que atenderlle, pero en parte focalizámonos en atopar a raíz do problema e intentar abordalo dende esa perspectiva. O proceso tarda máis pero os resultados a longo prazo son moito mellores. Tratar os síntomas é un parche “pan para hoxe e fame para mañá”. Acabas sendo dependente dunha terapia pasiva que non está mellorando a túa funcionalidade nin a túa calidade de vida a longo prazo, pode aliviar pero non soluciona. Tratamos de elevar as capacidades dos pacientes e a súa forma física.

**Que tipo de servizos prestan?**

Temos unha gran cantidade de servizos. Desde o punto de vista da fisioterapia é o basicamente o que acabo de explicar e en canto ao adestra-



De esquerda a dereita, Sabela González, Manuel Uriz e Pablo López

mento, este pode ser individual, parella ou grupo reducido dun máximo de 6 persoas. Temos clases de pilates, clases de hipopresivos, preparación parto e postparto que o leva a miña compañeira Sabela. E tamén temos un servizo de nutrición. Este está adaptado ao perfil da persoa intentando levar a cabo alimentación flexibles. Ademais, ofertamos un servizo de aparcadoiro de balde para os nosos clientes a poucos metros do centro para que chegar ata aquí non sexa un impedimento. Tratamos de dar todo tipo de facilidades aos nosos pacientes.

**Como nace esta idea de xuntar estas tres modalidades?**

Eu estiven na Coruña bastantes anos, primeiro estudei Ciencias da actividade física, despois, fisioterapia e cando xa tiña o centro en marcha a xente comezou a demandar un servizo de complementación a través de nutrición e alimentación e comecei a estudar o ciclo de nutrición, técnico superior de dietética. Cando xuntei as tres formacións decidínme a facer un centro que unira as tres cousas.

**A súa experiencia deportiva tivo algo que ver?**

A miña experiencia deportiva tivo que ver na miña formación, foi a que me espertou o interese no mundo da saúde física. Neste proxecto en particular directamente non me influíu moito pero indirectamente si.

**Que o diferencia doutros centros de rehabilitación ou fisioterapia?**

O concepto da terapia activa sen deixar a terapia pasiva que tamén é necesaria.

**Está dirixido a algún perfil específico ou pode acudir calquera persoa?**

Pregúntanmo moito. Pode ir calquera persoa. Haberá que adaptar cada exercicio ou terapia a cada persoa. Aquí pode adestrar dende un deportista de alto rendemento ata a miña avoa de 92 anos que ven facer exercicios para mellorar a respiración. Abarcamos todos os perfís.

**Ofrecen un servizo de recuperación respiratorio, en que consiste?**

Ofrecemos un servizo de fisioterapia respiratoria e recuperación de

capacidade respiratoria e muscular. Nestas épocas de Covid, a demanda é crecente e pódese enfocar á recuperación post-covid. Nós axudamos á xente que pasou a enfermidade a recuperar a capacidade respiratoria e a forza muscular. Trátase dunha recuperación física de capacidades respiratorias e musculares.

**Cales son as últimas novidades do sector?**

A verdade é que no mundo do exercicio en xeral hai moito marketing. A veces o marketing acaba nubrando a vista da xente. Cada certo tempo saen novas tendencias deportivas como o funcional training, o crossfit e ao final todo é exercicio. O exercicio é unha ferramenta e os obxectivos son os que van a determinar o tipo de traballo que fas. Se o queres chamar en inglés que sexa atractivo a nivel de marketing funciona ben moitas veces pero a min non me gusta moito poñerlle nome e apelidos. Eu doulle importancia ao exercicio terapéutico porque é exercicio con fins terapéuticos, tamén realizamos exercicios que non son terapéuticos, pero ao final o obxectivo debe ser a boa saúde.

**Que é o que máis se demanda?**

Nestes días o que máis se demandou foi o tratamento individual. O concepto dunha recuperación activa cunha serie de exercicios. Terapias máis individualizadas. Isto foi un pouco sorpresa. Xeralmente o camiño que se sole levar é un tratamento individual e unha vez estas recuperado te introduces con outras persoas para facer outro tipo de rutinas, ademais é outra forma de socializar.

**Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?**

O obxectivo que marcaba era implantar un modelo de actuación, que a poboación sexa consciente de como se pode levar a cabo un cambio físico eficiente mediante o exercicio e a verdade é que a cousa está máis ou menos ben. A idea é que a xente aprenda a recuperarse.

Pódese ler a entrevista completa en [www.lugoxa.com](http://www.lugoxa.com)

# COLABORACIÓN

## Aos grupos de Whatsapp de pais cárgaos o demo

### O PUPITRE



Julio Díaz

**D**esde hai tempo veño dicindo que hai un antes e un despois da creación dos grupos de Whatsapp de pais e nais nos nosos centros educativos. Estes grupos son xa parte da nosa vida cotiá como poden ser as actividades extraescolares, ou as mesmas avaliacións.

A fenda que existe entre familia e escola non se soluciona cun parche dixital, é preciso que os problemas se solventen nos espazos e tempo que se correspondan e non deixar ao azar das redes esta necesidade imperio-

sa de comunicación.

Pasamos do círculo á porta do colexio ou da cafetería da esquina aos grupiños de pais/nais en Whatsapp con todo o que supón un mal uso dos mesmos.

Whatsapp é unha boa ferramenta para que as familias do alumnado se comuniquen se se dá bo uso dela, é unha vantaxe e de moita utilidade para intercambiar información, impresións, novas do centro... pero dese uso pasamos a outros que xeran multitude de problemas: intentar ser a axenda diaria dos nosos fillos/as, críticas, insultos, difamacións ou calumnias aos docentes, a outros pais e nais ou aos propios alumnos/as, difusión de rumores... Teño visto conversacións de

Whatsapp que ninguén crería. Rifas, murmuracións, recriminacións e ata ameazas con ir aos xulgados. Ben é certo que se na comunicación cara a cara poden xurdir malos entendidos, cando no grupo non se coñece verdadeiramente a moitos dos participantes é normal que se xeren conflitos, presuposicións e sobre todo mensaxes inoportunos ou incoherentes e mesmo nalgunha ocasión algún membro do grupo saca "o pé do testro" de mala maneira.

Desde que existen os "guasapeadores" hai un novo mundo da comunicación extraescolar onde o alumnado precisamente non participa e son os seus pais/nais os "artistas principais". E "pobre" daquel alumno/a cuxos

proxenitores non pertencen a un grupo, estarán desinformados e serán obxecto de crítica do resto de integrantes do mesmo. Por iso, "estar hai que estar", pensan todos/as os pais/nais.

Ata hai uns anos a través do emprego do teléfono, de notas escritas, a hora de adestramento... eran a base de información entre os pais/nais. Logo instaurouse o correo electrónico e agora o Whatsapp, que ao instante fai chegar a moitas persoas a información: aniversario de Sara, colecta para o agasallo de Antón, Manu perdeu o libro, disfraces, lea no comedor, excursión do luns, o profe hoxe xa ves... estase pasando..., un chiste, unha acusación, un insulto...

As miñas recomendacións finais son as seguintes: nunca agrees a ninguén sen consultarlle antes, non todos/as os/as pais/nais queren estar no grupo. Se o grupo comeza a utilizarse de xeito inadecuado non sexas cómplice, intenta cortar esa actitude. Dirixe calquera queixa ou suxestión directamente ao profesorado, non trates de solventalo no grupo. Utiliza as canles oficiais para comunicarte co centro. Escribe soamente información relevante e evita a difusión de vídeos, fotos ou imaxes de docentes, pais/nais ou alumnos/as. Non compares as tarefas que levan os teus fillos/as coas dos seus compañeiros. Cada neno/a ten un ritmo diferente de aprendizaxe.

## Por ser unha cidade que pensa EN FEMININO

### RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

**O** 8 de marzo, tanto en Lugo como no resto do mundo, celébrase o Día Internacional da Muller.

A cidade énchese de manifestantes para reclamar unha igualdade real e efectiva de dereitos; para esixir tolerancia cero ante calquera tipo de violencia de xénero; para visibilizar a todas as mulleres na súa diversidade...

Isto supón un salto cualitativo dentro do feminismo: as ideas non se expresan mediante grandes manifestos ou discursos, senón mediante accións concretas na rúa e o exercicio de prácticas cotiás que, na súa maior parte, reflíctense nas redes sociais.

Así, reivíndicase tanto a loita contra o teito de cristal nos centros de traballo como os intentos de visibilizar os micro-machismos, pasando por un reparto máis equitativo dos coidados no eido familiar.

Pero, a pesar de toda esta loita, a desigualdade segue a ser unha realidade na nosa sociedade. Empoderar, visibilizar e practicar a sororidade entre

nós, as Mulleres son formas de erradicar as desigualdades.

Por iso, aproveito para falar das distintas mulleres, na minoría lucenses, que ao longo do tempo foron ou son para min todo un referente na miña maneira de pensar, sentir e facer; ás que sempre estarei moi agradecida porque sen Elas, en maior ou menor medida, non sería EU.

Quero comezar pola miña avoa, Mercedes, unha viúva con trece fillos, que loitou como puido para sacalos adiante, nunha época na que o lema era "oír, ver e calar", pero facía e dicía moitas cousas porque tiña esperanzas coma, por exemplo, o desexo de que algún día eu camiñara. De aí, a súa insistencia ás miñas tías en que me puxesen a andar, collida por debaixo dos brazos. A súa idea era que o meu era cousa de práctica.

Coma filla da súa nai, a miña mamá Araceli sempre estivo e está aí, ao meu carón, como cando me axudaba a subir á clase onde estudaba de forma normalizada; como cando me levaba á rehabilitación á primeira hora da mañá para non perder o curso; como cando me coidaba, día e noite, nas miñas hospitalizacións... Sempre xogando un papel omnipresente na miña traxectoria vital, grazas ao seu

espírito de loita e non resignación.

Tamén quero facer unha breve referencia ás mestras e profesoras que crían nas miñas capacidades e traballaron para que eu tivera unha boa formación. Neste punto, lembro o que me dixo a miña irmá maior, cando tiveron que repetir: "serás valorada pola túa intelixencia". Lema que impregnou toda a miña vida, na que a adquisición de coñecementos tivo sempre un papel fundamental.

Non podo esquecerme das miñas compañeiras de Auxilia. Compañeiras na diversidade funcional e non na discapacidade xa que queremos que se recoñezan, dunha vez por todas, as nosas capacidades que poden ser desenvolvidas de xeito diverso.

E tamén están as miñas compañeiras de fatigas teatrais que queren que eu sexa partícipe e, incluso, protagonista de aventuras dramáticas.

As amigas de sempre, as que nunca me trataron de maneira diferente, senón que empatizan comigo, en todo momento, e fan que eu me sinta unha máis. E unha breve lembranza á miña compañeira de traballo e amiga que, grazas a ela, estou aprendendo que é iso do Feminismo. E por último, non me quero es-

quecer dunha figura fundamental para fomentar a autonomía que necesito para levar unha vida con normalidade, a pesar da miña dependencia: A miña asistente persoal.

Na nosa cidade, no o ano pasado, había 97.613 habitantes. Se diferenciamos por sexo, 45.039

son homes, e 52.574 son mulleres. Somos, polo tanto, maioría e é hora de que pensemos en nós e coma nós, non por ser superiores a ninguén, non por estar en contra de ninguén, senón porque loitamos pola igualdade e dignidade de todas as persoas. Pensemos en feminino.

### ELISARDO BARCALA



## DE RUTA EN RUTA

# As Nogais: A Torre de Doncos

Esta ruta conta entre os seus atractivos o de poder coñecer algo mellor a historia dunha das fortificacións máis suxerentes de Galicia

Este roteiro comeza no pobo de Doncos e vai ata a Torre do mesmo nome. É un camiño moi sinxelo que permite coñecer os restos dunha antiga e lendaria fortaleza coñecida tamén como Fortaleza de Santo Agostiño ou Fortaleza da Grupa, é unha preciosa torre medieval (ou máis ben os restos dunha torre) que servía para vixiar o paso natural do Bierzo a Galicia. É máis, por aquí pasaba a calzada romana de Braga a Astorga. O camiño comeza cun suave descenso onde deberase tomar un desvío á dereita ata o muíño da Vega, a beiras do río Navia, para despois camiñar entre fermosos castiñeiros e chegar á Torre de Doncos, situada nun pequeno outeiro.

Do antigo castelo só se conserva a torre que foi a única que resistiu o paso dos séculos. Está declarada como Ben de Interese Cultural. Son os restos da antiga Fortaleza de Santo Agostiño ou Fortaleza da Grupa.

O roteiro está perfectamente sinalizado e acondicionado, trans-

correndo na súa maior parte por pistas aínda que exceptuando un lixeiro tramo pola estrada LU-P-3702, case sen tránsito, e outro pequeno tramo por un camiño.

Ao chegar á devandita estrada seguirase por ela ata entrar nas Nogais, e despois de pasar por diante da praza do Concello chegarase á altura do pequeno paseo fluvial para cruzar a ponte sobre O Navia. Despois á esquerda tomarase a pista dirección Roteiro dous Soutos.

Xa en Doncos, á entrada do pobo, seguirase recto en dirección á igrexa que se verá desde o alto, e deberase estar sempre moi atentos á sinalización xa que desta forma realizase un camiño para coñecer a vila e os seus puntos máis importantes como o lavadoiro, a fonte e a igrexa e finalmente chegar ao Pazo.

Este bonito percorrido transcurre por zonas de sombra, principalmente de castiñeiros.

Ao longo deste roteiro atopanse bos exemplares de castiñeiros, nogueiras, carballos, cerdeiras silvestres, maceiras, abruñeiros, olmos, salgueiros, piñeiros, pradairos, estripeiros, freixos e figueiras. Así como a flora máis representativa está composta por fentos, ortigas, madreselvas, lirios, amordeiras silvestres, nenúfares, ranúnculos, silvas, roseira silvestre, lentella de auga, platinimia e espadana.

En canto á fauna, poden atoparse xabarís, raposos, lobos, esquiños, corzos, diversos exemplares de aves e finísimas troitas no río Navia.



## DATOS



1 h 30 min.



4 km.



Dificultade  
baixa

## Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas



**CURSOS GRATUITOS**  
**Sector turismo**

**AVECUS**  
Río Narla, 48-50 Lugo  
Telf. 982 817 561 info@avecus.es  
www.avecus.es